
PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL DE CENTRO

CAPÍTULO III

IES Eduardo Pondal - Ponteceso Curso 2023-2024

(Aprobado en Consello Escolar e Claustro o 23/11/2023)



CAPÍTULO III

ANEXO I. Concreción anual do plan de acción tutorial e do plan de diversidade.

ANEXO II. Concreción anual do plan de diversidade.

ANEXO III. Proxecto lector 23-24

ANEXO IV. Programación Equipo Dinamización Lingüística

ANEXO V. Plan dixital

ANEXOS VI. Plans Proxecta

 VIa. Correspondentes Xuvenís

 VIb. Fotografía en curso

 VIc. Plan de Vida Activa e Deportiva

ANEXO VII. Coordinación de FCT e relación coas empresas

ANEXO VIII. Sección Bilingüe

ANEXO IX. Plan de formación permanente de profesorado

ANEXO X. Programa anual de actividades

ANEXO I

Plan de acción tutorial

Plan de atención á diversidade

Plan de orientación académica e
profesional

CONCRECIÓN do
PLAN de ACCIÓN TITORIAL
PLAN de ATENCIÓN á DIVERSIDADE
e PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA e PROFESIONAL

IES Eduardo Pondal

Curso 2023 / 2024

CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Concepto de Tutoría

Entendemos a tutoría como a relación que se establece entre profesorado co alumnado encamiñada ao coñecemento do contexto socio-familiar, das actitudes, aptitudes, intereses e motivación, co obxectivo de orientar e guiar o seu proceso de aprendizaxe, á súa integración no grupo e contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado e a educación en valores.

Esta é unha tarefa de todo o profesorado, abarca tanto as actuacións que, con carácter máis específico, desenvolve o profesor titor co seu grupo e a comunicación coas familias; como a labor orientadora do resto do profesorado, que é aquela que cada profesor dentro da súa área leva a cabo para orientar, tutelar e apoiar o proceso de ensino- aprendizaxe de cada un dos seus alumnos e alumnas.

Aínda que a orientación e a tutoría do alumnado sexa unha tarefa compartida polo profesorado, a figura do profesor titor, como órgano de coordinación docente, é necesaria e imprescindible para a coordinación do equipo de profesores do grupo, no contacto coas familias, e no desenvolvemento dalgunhas funcións específicas. O departamento de orientación apoia ao profesorado e as tutorías ofrecéndolles apoio técnico e o asesoramento durante todo o proceso para desenvolver esta función. Para isto, teñen especial relevancia as reunións semanais das persoas que exercen a tutoría dos grupos, organizados por afinidade entre os niveis, coa xefe do departamento de orientación, e a mestra de Pedagogía Terapéutica nos niveis nos que te intervención.

Todo o profesorado debe contribuír á acción titorial:

- Tutelando o proceso de aprendizaxe de cada alumno/a na súa materia (secundaria) ou nas diferentes áreas se se trata das etapas de infantil e primaria .
- Incidindo de forma positiva no autoconceito académico e na percepción da propia capacidade para superar a materia ou materias.
- Orientando ao alumnado no análise do propio proceso de aprendizaxe; axudándoo na autoavaliación dos factores que influíron positiva ou negativamente no proceso.

- Atendendo as necesidades educativas de cada alumno/a na súa materia.
- Aplicando as MAD que sexan necesarias en cada caso.
- Participando na orientación profesional do alumnado no referente ao ámbito profesional da súa especialidade.

Obxectivos Xerais

- I. Promover o desenvolvemento integral do alumnado, atendendo as dimensións afectivo emocional, social, vocacional e persoal no referente ao desenvolvemento de valores e actitudes e competencias clave co obxectivo de que lles permita converterse en adultos maduros, responsables e solidarios.
- II. Facilitar a integración e a participación na vida do centro nos planos académico, persoal e social, e atendendo ao benestar e á convivencia positiva.
- III. Dar unha resposta educativa eficaz e individualizada a todo o alumnado do centro durante o seu proceso de ensino – aprendizaxe que permita ofrecer a mellor resposta educativa adaptada ás necesidades de cadaquén.

Obxectivos Específicos

Co Alumnado de 1º da E.S.O

1. Realizar a avaliación inicial no DO no caso do alumnado con NEAE e nas distintas materias para coñecer o nivel curricular e de competencias.
2. Implementar cuestionarios iniciais aplicados polo titor/a.
3. Coordinar ao profesorado xunto coas titorías no seguimento do alumnado e da interacción nos grupos de cara a introducir as modificacións que se valorasen oportunas.

4. Realizar un proceso de avaliación e seguimento continuo durante todo o curso do alumnado con NEAE, as MAD e/ou problemas de convivencia ou rendemento académico.

Co Alumnado que proceda doutros centros

1. Recibir ao alumnado e as familias (Equipo Directivo, Persoas titoras, Orientación, equipos de convivencia).
2. Avaliar o seu nivel de competencia curricular (Profesorado de materias e PT).
3. Consultar o expediente académico (Titor/a).
4. Informar e asesorar ao profesorado. (Orientadora)

Co Alumnado con NEE / NEAE

(Ademais do previsto para calquera outro alumno/a)

1. Recoller datos para a avaliación inicial sobre o expediente do alumno/a, dificultades e necesidades educativas.
2. Asesorar sobre medidas de atención á diversidade, especificando as orientacións a nivel de centro, a nivel de aula, a nivel do alumno/a en particular e a nivel de Departamento de Orientación e que constituirían a resposta educativa para dito alumnado.

Co alumnado de incorporación tardía ó sistema educativo e/ou fillos de familias retornadas ou migrantes

1. Recibir ao alumno e a familia (Dirección, Xefatura de Estudos).
2. Entrevistar ao alumno/a, se é o caso (Orientadora).
3. Avaliar o coñecemento das linguas galega e/ou castelá (PT / Profesorado).
4. Avaliar o nivel de competencia curricular (Profesorado de materia).
5. Avaliación psicopedagóxica (Orientadora).
6. Determinar as necesidades educativas do alumno/a.
7. Propor e planificar a resposta educativa máis axeitada, nun informe psicopedagóxico, se é o caso.
8. Favorecer a inserción sociocultural e previr o desarraigo.

CONTIDOS XERAIS DO PAT

1. Presentación e coñecemento.
2. Elección delegado.
3. Normas de convivencia/grupo.
4. Planificación e hábito de estudo.
5. Técnicas básicas de estudo.
6. Prevención/sensibilización violencia de xénero.
7. Autoavaliación dos trimestres. Compromisos mellora.
8. Resolución positiva dos conflitos. Habilidades sociais. Intelixencia emocional.
9. Prevención/sensibilización acoso escolar.
10. Promoción da igualdade de xénero.
11. Uso correcto das redes sociais. Perigos internet.
12. Educación afectivo sexual.
13. Orientación académica: optativas, estudos posteriores. Inserción e promoción laboral.
14. Autoavaliación final do curso.

ACTIVIDADES DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL PREVISTAS PARA O CURSO 2023 / 2024

PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA E A MELLORA DA SEGURIDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS.

Ao través deste Plan, está previsto levar a cabo no centro as seguintes intervencións có alumnado da ESO, Bacharelato e Ciclos:

1. Uso responsable e seguro das Novas tecnoloxías.
2. Prevención das adiccións, con e sen sustancias (Drogas, Alcohol, Xogo, Novas tecnoloxías).
3. Prevención do acoso escolar e de calquera forma de violencia.
4. Prevención de accidentes de Tráfico.
5. Orientación vocacional e profesional (xunto con outras forzas de seguridade)

As temáticas para cada grupo serán elixidas polas persoas titoras en función das características e necesidades detectadas.

PROGRAMA DE EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL

Impartido por especialistas externos. Está dirixido ao alumnado de 1º a 4º de ESO, Bacharelato e Ciclos Básicos e Superiores. Os contidos do programa, que serán impartidos segundo o nivel/idade do alumnado, son:

1. Todo o que deberías saber sobre a adolescencia (todos). A túa Menstruación (alumnas). Desenvolvido con recursos do Programa educativo para a adolescencia de Evax/Tampax/Ausonia. 1º ESO.
2. Orientacións afectivo sexuais. Diversidade sexual.
3. Información sobre a sexualidade e as relacións afectivo sexuais, rompendo mitos e estereotipos e atendendo ás necesidades do alumnado.
4. Relacións afectivo-sexuais e liberdade. Presión do grupo. Prevención da violencia sexual. Consentimento.
5. Sexo seguro e Prevención de enfermidades de transmisión sexual.

Participarán diversas organizacións, como Quérote+, Colexio de Médicos e outras en función da oferta e dispoñibilidade.

Está prevista unha sesión para ás familias de alumnado da ESO.

PROGRAMA DE BENESTAR EMOCIONAL e CONVIVENCIA POSITIVA

Traballárase ao través do grupo de Convivencia e dun contrato programa solicitado para o presente curso escolar. Require a colaboración entre DO, Grupo de Convivencia, titorías e varios departamentos.

PROGRAMA PARA A MELLORA DO RENDEMENTO ESCOLAR

Ao través da titoría traballárase para mellorar a organización e planificación escolar e as estratexias e técnicas de traballo intelectual.

O centro participa no Programa PROA+, e a mestra de pedagogía terapéutica adscrita a este programa, xunto coa PT do centro, os profesores de Reforzo (1º e 2º ESO), e outro profesorado con dispoñibilidade horaria, son recursos relevantes no desenvolvemento desta iniciativa.

ACTIVIDADES COAS FAMILIAS

Con pais, nais e, no seu caso, outras figuras responsables do alumnado, priorizando segundo os intereses manifestados polas familias na enquisa inicial. As temáticas propostas na enquisa son:

- Xestión emocional
- Como poñer límites e fomentar a autonomía e a responsabilidade en adolescentes
- Disciplina positiva
- Bo uso das novas tecnoloxías
- Relaciones afectivo-sexuais e adolescencia
- Comunicación na familia
- Trastornos da alimentación
- ¿Como podo axudar para que meus fillos e fillas estuden?
- Drogas, alcohol, e outras condutas de risco
- Coñecer o sistema educativo para orientar os estudos dos meus fillos e fillas
- Que poden facer cando rematen a ESO/BAC/Ciclo...
- Outros temas ou actividades que queiras propor:

Estas actividades estarán condicionadas á confirmación da participación dun número suficiente de persoas inscritas.

CONCRECIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

OBXECTIVOS

1. Organizar os recursos persoais para atender á diversidade de cara a conseguir un óptimo aproveitamento.
2. Avaliar o funcionamento das Medidas de Atención á Diversidade.
3. Realizar, xunto ás titorías, o seguimento do alumnado que presenta NEAE.
4. Asesorar sobre as medidas concretas a tomar no caso do alumnado que presenta NEAE e ten Reforzo Educativo por parte do profesorado.
5. Colaborar na elaboración, atención e seguimento e avaliación das Adaptacións Curriculares.
6. Diseñar programas preventivos e de intervención no ámbito da convivencia e da resolución pacífica dos conflitos e desenvolvemento de habilidades sociais.
7. Participar de xeito activo nos problemas de convivencia.
8. Coordinar a intervención dos diferentes profesionais docentes e non docentes que atenden ao alumnado con NEAE.
9. Programar actuacións de cara a fomentar o respecto e o valor positivo da diversidade.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Enténdese por **medidas de atención á diversidade** aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en **ordinarias** e **extraordinarias** e estarán recollidas no **Plan Xeral de Atención á Diversidade** e nas concrecións anuais de dito plan.

En función das revisións mencionadas anteriormente, e tras a avaliación inicial, no mes de outubro tomaranse decisións do alumnado que require unha medida de atención á diversidade, dando prioridade a aqueles que precisan da

adopción de medidas máis urxentes. Para elo, terase en conta o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, e o previsto na Orde de 8 de setembro de 2021 que o desenvolve.

<p>Medidas ordinarias</p>	<p>Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.</p> <p>Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias as diferentes ensinanzas.</p> <p>Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense, en cor azul, aquelas previstas para este curso no centro:</p> <ul style="list-style-type: none">a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, e outras que promovan a inclusión.d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.f) Desdobramentos de grupos.
----------------------------------	---

	<ul style="list-style-type: none">g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.h) Programas de enriquecemento curricular.i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.j) Programas de recuperación para o alumnado que promociona con materias pendentes.k) Programas específicos personalizados, particularmente para o alumnado que repite curso, ou que precisa desta medida por outras necesidades específicas.l) Programa de habilidades sociais.
<p>Medidas extraordinarias</p>	<p>Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE/NEE) que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.</p> <p>Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.</p> <p>Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.</p> <p>Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen (en vermello, as previstas para este curso):</p> <ul style="list-style-type: none">a) Adaptacións curriculares.

	<ul style="list-style-type: none">b) Agrupamentos flexibles.c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou ALd) Flexibilización da duración do período de escolarización.e) Programa de Diversificación Curricular (3º ESO).f) Atención educativa domiciliaria ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.g) Grupos de adquisición das linguas.h) Grupos de adaptación da competencia curricular.
--	--

Revisión dos Expedientes do Alumnado de nova incorporación ó centro.

- A finais de curso, dáse o traspaso de información do alumnado de 6º de Educación Primaria dos CEIPs adscritos que promocionan a 1º da ESO no noso IES, facendo fincapé naquel alumnado que presenta NEAE.
- A principios de curso, xunto co profesorado de PT, revísanse os expedientes e a información proporcionada dos CEIPs do alumnado que se incorpora a 1º da ESO no noso centro, así como o de outro alumnado que se incorpora novo ó centro e presenta NEAE.
- A principios de curso, xunto co profesorado de PT, revísase a información do alumnado do centro, principalmente o NEAE e aquel que en cursos anteriores contaron con medidas de atención á diversidade.
- Na sesión de avaliación inicial, á vista dos resultados da mesma, consénsúanse e concrétanse medidas de atención á diversidade.

Participación nas Sesións de Avaliación

- ✓ Asesorar no proceso de avaliación do alumnado con NEAE.

- ✓ Apoiar e asesorar aos titores/as no proceso de coordinación do proceso avaliador.
- ✓ Fomentar a autoavaliación do alumnado.
- ✓ Contribuír a un proceso de avaliación formativa que propicie a mellora continua.
- ✓ Participar nos procesos xerais de avaliación do proceso de ensino de cara a mellora continua da calidade.

Elaboración de Adaptacións Curriculares e asesoramento na aplicación de Medidas de Atención á Diversidade.

- ✓ Este curso adquire especial relevancia pola incorporación dun alumno con NEE e AC en practicamente todas as materias.
- ✓ Adaptación das AC ao novo formato da aplicación PROENS.

CONCRECIÓN do PLAN de ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL

A importancia da orientación profesional ven recollida na lexislación vixente e nos plans da Consellería. Unha boa orientación académica e profesional, potenciar as habilidades e capacidades dos xoves e inculcar a conciencia da necesidade de formación ó longo da vida é apoiar a igualdade de oportunidades na educación.

O deseño e desenvolvemento do proxecto persoal contribúe ó desenvolvemento das competencias clave, destacando a autonomía persoal e o sentido da iniciativa, a través da capacidade de planificación e toma de decisións sobre o propio futuro. A complexidade do sistema educativo e a multiplicidade de opcións hacen necesaria unha orientación que facilite esa toma de decisións por parte do alumnado e as súas familias, a transición entre etapas e a inserción no mercado laboral chegado o seu momento. Contar cunhas metas que orienten os esforzos persoais pode dotar de significado o traballo académico e ser positivo para a motivación. Por todo isto, a orientación vocacional e profesional é un dereito do alumnado e das súas familias.

AXENTES E COORDINACIÓN DAS ACTUACIÓNS

- Titores, equipos docentes e particularmente Profesorado de FOL, FOP e Economía, DO, institucións educativas e as relacionadas co mundo laboral, profesional e empresarial do contorno.
- Grupo de Traballo orientado á promoción do emprendemento e a empregabilidade.

- Responsables no centro da dinamización da relación con empresas e da formación en centros de traballo.
- Institucións educativas, de fomento do emprego, tecido empresarial da contorna e outras institucións colaboradoras.
- Familias.

OBXECTIVOS

1. Fomentar no alumnado a reflexión orientada á toma de decisións e á definición de obxectivos, dentro do seu proxecto persoal, e expectativas de éxito respecto do seu futuro, dentro das características, capacidades e intereses individuais.
2. Desenvolver no alumnado competencias exploratorias de sistema educativo e do mercado laboral e facilitar ó profesorado ferramentas para o desenvolvemento da orientación académica e profesional dentro da súa práctica docente.
3. Descubrir e afianzar valores para o traballo e para a vida, libres de estereotipos e respectando a igualdade de oportunidades.
4. Facilitar ó alumnado a transición entre etapas educativas e ó mundo laboral, especialmente neste último caso do alumnado de ciclos de FP.
5. Informar ás familias sobre o sistema educativo e os procesos de transición ó mercado laboral, para apoiar as decisións sobre o futuro dos seus fillos, así como sobre os recursos dispoñibles.
6. Diseñar e desenvolver accións en colaboración co tecido empresarial do contorno, e con outras institucións educativas e profesionais, para a información e formación vocacional do alumnado.

ACCIÓNES PRIORITARIAS

1. Coordinación e planificación da participación do alumnado en probas e procesos de admisión.

2. Actualización dos recursos bibliográficos e informáticos para a orientación vocacional e profesional, especialmente os basados nas TIC e que permitan a autoorientación.
3. Elaboración e presentación da proposta de orientación con distribución de funcións para a recollida de aportacións e consenso entre os distintos axentes implicados.
4. Establecemento de canles de comunicación coas familias para facilitar o intercambio de información.
5. Deseño e participación directa en accións directas co alumnado.

BLOQUES DE CONTIDOS

- Proxecto persoal e profesional ó longo da vida
- Coñecemento do sistema educativo e opcións desde as distintas etapas.
- Acercamento á realidade laboral do contorno.
- Axudas, Becas e Recursos.
- Ferramentas de Autoorientación con TICS

CONTIDOS ESPECÍFICOS E TEMPORALIZACIÓN:

En 1º e 2º de ESO:

- Coñecemento de si mesmos/as.
- Coñecemento da etapa, optativas e itinerarios.
- Elaboración do Consello Orientador do alumnado proposto para incorporación a Programas de Diversificación Curricular ou Ciclos Básicos.
- Desenvolvemento das habilidades de resolución de problemas e toma de Decisións.

En 3º e 4º de ESO:

- Coñecemento de si mesmos/as.
- Coñecemento de optativas e itinerarios de 4º de ESO / Bacharelato / Formación Profesional de Grao Medio / Ensinanzas de Réxime Especial.
- Asesoramento no proceso de toma de decisións.
- Elaboración do Consello Orientador.

En Bacharelato:

- Axuda na procura de información sobre os distintos estudos Universitarios, Ciclos de Formación Profesional de Grao Superior, Ensinanzas de Réxime Especial, así como de outros estudos non regrados.
- Asesoramento na toma de decisións sobre itinerarios formativos en bacharelato en función de obxectivos a medio e longo prazo.
- Propiciar contactos directos con profesionais, universidade, centros formación profesional.
- En colaboración con profesorado dos ciclos, coordinadores de FCT e das relacións con empresas, asesoramento na saída ó mercado laboral ou no emprendemento, de ser o caso.

En Ciclos

- Axuda na procura de información sobre continuación de estudos: Universitarias, Ciclos de continuidade e Cursos de Especialización, así como de outros estudos non regrados.
- Asesoramento na toma de decisións sobre itinerarios formativos e profesionais.
- Asesoramento na saída ó mercado laboral ou no emprendemento, de ser o caso.

ACTUACIONES

- Charlas informativas a través das titorías acerca de itinerarios, modalidades...
- Administración de cuestionarios para facilitar a toma de decisións en 4º ESO, 1º e 2º Bacharelato.
- Consello orientador para alumnado da ESO nos cursos que proceda.
- Entrevistas individuais co alumnado e familias para o asesoramento de cara á elección de materias, modalidades, itinerarios,...
- Co alumnado de 3º e 4º da ESO, información e asesoramento de cara á elección da optatividade nos últimos cursos da ESO.
- Co alumnado de 4º da ESO información e asesoramento de cara aos itinerarios ou modalidades do Bacharelato, Ciclos de FP e Ensinanzas de Réxime Especial.
- Co alumnado de Bacharelato, información e asesoramento de cara á elección de Graos universitarios, Ciclos de FPGS e Ensinanzas de Réxime Especial.
- Visita á UDC, Programa A Ponte da USC. Visita a centros de FP da zona. Visitas a distintas institucións orientadas a favorecer a identificación vocacional.
- Co alumnado de ciclos, apoio ao alumnado para a inserción e progresión laboral e a formación ao longo da vida.
- Co alumnado dos ciclos, preferentemente, desenvolvemento das accións para o fomento do emprendemento e a empregabilidade previstas no Plan de Formación Permanente do Profesorado a desenvolver co apoio da Consellería e da Fundación Pondal.
- Participación en feiras de orientación e de emprego na contorna.

- Presentacións, charlas ou actividades similares con ex-alumnos do centro e profesionais de distintos campos, para compartir o seu coñecemento e experiencia,

ANEXO II

Plan de igualdad

CONCRECIÓN ANUAL

PLAN DE IGUALDADE

IES EDUARDO PONDAL PONTECESO

CURSO 2023-24

1.INTRODUCCIÓN

O plan de igualdade forma parte do Proxecto Educativo do Centro (PEC) e desenvólvese anualmente no marco da Programación Xeral Anual (PXA) co fin de enriquecerse coas melloras de diagnóstico, programación e execución que o centro considere.

O plan de igualdade reflicte a diagnose da situación, principios orientadores, obxectivos, medidas concretas de actuación e instrumentos de avaliación para fomentar e potenciar a educación en igualdade entre mulleres e homes no ámbito educativo.

O obxectivo é motivar a participación da comunidade educativa na promoción da igualdade, na eliminación dos estereotipos, na prevención da violencia machista e na visibilidade da diversidade afectivo sexual.

2.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- 2.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- 2.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
- 2.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- 2.4 Prevención, detección e intervención en casos de Igbti-fobia.

3.MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUENTES ÁMBITOS:

3.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

1. Acadar unha representación máis equitativa nos órganos do centro.

- Procurar a paridade nas accións de representación do profesorado
- Promover a paridade nas accións de participación e representación entre o alumnado

2. Promover a dotación de recursos humanos en materia de igualdade.

- Nomear cada curso escolar, promovendo a continuidade, unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan.

3. Promover a difusión do Plan de igualdade.

- Creación dun bloque de contido propio na páxina web do centro.
- Difusión das actividades planificadas e os seus resultados no panel da entrada.

4. Promover a formación da comunidade educativa en materia de igualdade.

- Promover a renovación da participación na convocatoria de Contratos Programa IGUÁLA-T, CONVIVE-T, INCLÚE-T.
- Promover e colaborar co Concello, en concreto coas Concellerías de Benestar Social e Igualdade, Educación e Deportes, Xuventude e Cultura, na realización de actividades co-educativas, de sensibilización, talleres, obradoiro destinados á comunidades educativa...

5. Promover o uso dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro

- Favorecer o emprego dunha linguaxe co-educativa nos documentos do centro.

6. Promover actividades arredor das datas co-educativas previstas no calendario escolar.

- Planificación cada curso escolar, a través da PXA, de actividades arredor das datas co-educativas previstas no calendario escolar:

25 novembro – Día internacional contra a violencia de xénero.

11 febreiro – Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia.

14 febreiro –Desmontando os mitos do amor romántico

17 maio –Día internacional contra a Homofobia e Transfobia.

7. Promover a concreción e actualización do desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral.

- Promover a concreción do desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO e ás modalidades no bacharelato, a través de actividades previstas no marco de programas de innovación educativa como Polos Creativos e Club de Ciencia.
- Promover coloquios con persoas que rompen os estereotipos de xénero.

3.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.

1. Revisión das programacións didácticas desde unha perspectiva de xénero.

- Mulleres relevantes en cada ámbito do saber.
- Saberes asociados tradicionalmente ás mulleres.
- As desigualdades de xénero.
- A conquista dos dereitos.
- Os fitos da historia da humanidade.

2. Promoción dun cambio metodolóxico través da práctica docente dende unha perspectiva de xénero co fin de producir o cambio cara á escola co-educativa.

- Promover actividades nas que se fomente a aprendizaxe dialóxica e o espírito crítico fronte ás desigualdades.
- Promover actividades nas que se practica a comunicación non violenta (positiva, asertiva) como estratexias para a resolución pacífica de conflitos.
- Promover a aprendizaxe entre iguais, co fin de favorecer a convivencia, os espazos de confianza e os factores de protección dentro do grupo.
- Promover a educación emocional co fin de favorecer a expresión das emocións e dos sentimentos.

3. Revisión do material didáctico empregado na aula.

- Revisión dos valores, normas, representacións, da linguaxe.
- Selección dos contidos, personaxes, imaxes, actividades

4. Actividades de sensibilización na aula.

- Obradoiros de igualdade de xénero sobre os estereotipos, de visibilidade das mulleres nas áreas STEAM.

3.3 ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.

1. Promover a difusión de información sobre igualdade, violencia de xénero, diversidade.

- Espazo propio na páxina web do centro.
- Difusión no panel principal.
- Visibilidade nos puntos de encontro.

2. Promover lecturas co-educativas a través da biblioteca escolar.

- Crear unha sección sobre igualdade/coeducación/feminismo.
- Crear un espazo na biblioteca para visibilizar a sección co-educativa.
- Promover as lecturas co-educativas no tempo de lectura na aula.

3. Xestión das actividades de lecer e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.

- Xestionar o uso do patio para facelo co-educativo
- Promover a participación non sexista en actividades deportivas.

4. Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.

- Promover a sensibilización da comunidade educativa.
- Promover a prevención a través do recoñecemento dos sinais de alerta.

5. Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas.

- Promover campañas de sensibilización a favor do sexo menos representado.
- Establecer cotas de participación para procurar que homes e mulleres participen xuntos en todas as actividades.

3.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

1. Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.

- Establecer compromisos de aula/centro para o respecto entre iguais ante problemas de convivencia comúns.

2. Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

- Deseño de actividades en colaboración con outras institucións, tales como prevención das violencias machistas, obradoiros de educación emocional ...

4.SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Ao cabo do ano faremos balance para supervisar os seguintes aspectos:

- Cumprimento do plan establecido, actuacións que non se desenvolveron.
- Impacto e alcance das accións desenvolvidas na comunidade educativa.
- Dificultades observadas no desenvolvemento das accións.
- Necesidades de mellora observadas para a súa realización en vindeiros cursos.

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os vindeiros cursos escolares co fin de axustar a abordaxe dos distintos obxectivos co-educativos ao noso contexto educativo.

ANEXO III

Proyecto lector 23-24

A decorative graphic on the right side of the page features three overlapping circles in shades of blue. The top circle is the largest, the middle one is smaller, and the bottom one is the largest again. Thin blue lines connect the corners of the circles, creating a geometric pattern. A horizontal line also extends from the top-left corner towards the top circle.

Proxecto Lector

IES Eduardo Pondal (Ponteceso)

Documento deseñado para desenvolver as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas.

Curso 2023-2024

ÍNDICE

FUNDAMENTACIÓN LEGAL	3
OBXECTIVOS XERAIS DA BIBLIOTECA	6
Obxectivos en relación ao proxecto lector	6
Obxectivos en relación á coordinación da biblioteca	6
ANÁLISE DE PARTIDA DA BIBLIOTECA E O SEU CONTEXTO	8
Infraestrutura e equipamento:	8
Catalogación, rexistro e préstamo:	9
RECURSOS HUMANOS	10
OBXECTIVOS PARA O CURSO	11
LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN	13
PLAN ANUAL DE LECTURA	17
Departamento de Latín	17
Departamento de Inglés	18
Departamento de Francés	18
Departamento de Galego	19
Departamento de Castelá	21
Departamento de Historia	22
Departamento de Física e Química	24
Departamento de Matemáticas	25
Departamento de Economía	26
Departamento de Tecnoloxía	26
PLAN DE ACTUACIÓN POR TRIMESTRES	28
CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	31

FUNDAMENTACIÓN LEGAL

Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.

Once. El artículo 19 queda redactado del siguiente modo: «Artículo 19. Principios pedagógicos.

3. A fin de fomentar el hábito y el dominio de la lectura todos los centros educativos dedicarán un tiempo diario a la misma, en los términos recogidos en su proyecto educativo. Con objeto de facilitar dicha práctica, las Administraciones educativas promoverán planes de fomento de la lectura y de alfabetización en diversos medios, tecnologías y lenguajes. Para ello se contará, en su caso, con la colaboración de las familias y del voluntariado, así como el intercambio de buenas prácticas.

-Decreto 133/2007 do 5 de xullo, define e regula o Proxecto Lector de Centro como un documento integrado no PEC, que recolle todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e escritura e á adquisición das competencias básicas.

-Art 5º.5: *“A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector do centro, ao constituír a lectura un factor esencial para o desenvolvemento das competencias básicas”.*

-Anexo V: Proxecto Lector de Centro.

“Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei orgánica de educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro, proxectos lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.

O proxecto lector de centro será un documento deseñado para desenvolver a medio prazo en que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca

escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluírán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar. Para a consecución dos devanditos obxectivos, os centros educativos deberán tomar decisións consensuadas que permitan:

- *A existencia dunha biblioteca escolar como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.*
- *A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.*
- *A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.*
- *O desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.*
- *O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social.*

Fundamentos

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.

Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico. Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se

acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura.

Seguimento e avaliación

Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura.

Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal”.

OBXECTIVOS XERAIS DA BIBLIOTECA

Obxectivos en relación ao proxecto lector

1. A biblioteca debe converterse nun centro de recursos en todos os soportes actuais da información (bibliográficos, audiovisuais e informáticos).
2. Facilitar información e dotar ao noso alumnado das capacidades básicas que lles permita manexar distintas fontes de información.
3. Organizar actividades que fomenten a lectura, tanto como medio de información como de lecer para crear lectores que lean para aprender, por curiosidade, para desenvolver a capacidade de investigación persoal, para resolver dúbidas puntuais, para dar resposta a intereses persoais, para mover a súa imaxinación, para sentir, gozar e comprender o mundo que os rodea.
4. Ofertar recursos culturais.
5. Constituír un recurso para o desenvolvemento do currículo.
6. Crear hábitos de lectura.
7. Favorecer a adquisición de destrezas no uso autónomo de recursos e para a aprendizaxe autónoma.
8. Formar ao alumnado e profesorado para o uso da biblioteca escolar.
9. Apoiar o desenvolvemento doutros Plans e Proxectos do centro.
10. Facilitar a lectura e a busca de información para todos os sectores da comunidade escolar .

Obxectivos en relación á coordinación da biblioteca

1. Elaborar, en colaboración co profesorado do equipo de biblioteca, o proxecto anual de biblioteca escolar e a memoria final.
2. Coordinar, seguindo as directrices da consellería, a elaboración e posta en práctica do proxecto lector de centro, coa participación de todo o profesorado.
3. Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar, catalogar e expurgar).
4. Informar ao claustro das actividades da biblioteca e integrar a súas suxestións.
5. Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.

6. Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo por parte do profesorado do equipo de biblioteca.
7. Asesorar o profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos.
8. Coordinar o equipo de biblioteca escolar.
9. Representar ao equipo de biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
10. Demais funcións relativas ás bibliotecas escolares.

ANÁLISE DE PARTIDA DA BIBLIOTECA E O SEU CONTEXTO

Infraestrutura e equipamento:

Contamos cunha superficie duns 120 metros cadrados cun espazo a dobre altura no que dispomos do seguinte equipamento:

- Zona de lectura e traballo individual máis unha zona de traballo en grupo que suman ao redor de 40 postos na zona central da biblioteca. A disposición das mesas varía dependendo das necesidades dos usuarios ou das exposicións e obradoiros que realicemos.
- Zona de equipos informáticos: existe un ordenador con conexión a internet de banda ancha para uso do alumnado. Dispoñemos de WI-FI para que os alumnos e profesores poidan acceder a internet desde os seus portátiles, xa que todo o alumnado de ESO conta con ordenador Edixgal.
- Zona de préstamo e atención aos usuarios: mostrador de cara a porta, cun ordenador de uso exclusivo do profesorado de garda, impresora e diverso material para realizar os préstamos e demais xestión da biblioteca.
- Mobiliario para os fondos documentais: Contamos con tres cuartos das paredes cheas de andeis abertos e en dobre altura onde se almacenan máis de dezaseis mil volumes. Ademais dun caixón de devolucións, expositor fixo de novidades ao lado da porta e dos expositores con rodas que colocamos segundo as necesidades, un deles está dedicado exclusivamente ás revistas.
- Zona de lectura lúdica nos recreos: temos un espazo provisto dun sofá e uns pufs como unha zona máis relaxada e cómoda para a lectura.
- Paneis informativos e expositivos que se colgan dos andeis do 2º andar na biblioteca cando así se precisa.
- Pequena zona cun equipo de son e pantalla de proxección.
- Espazo para os xogos de mesa, que contan cun andel propio ao carón da zona de préstamo e das mesas individuais.
- Laboratorio creativo de aprendizaxe: xa desde o ano pasado contamos no instituto co programa Polos creativos que incorporamos á nosa biblioteca, ampliando o espazo co fin

de construír coñecemento e fomentar a creación e o deseño. O alumnado pode traballar durante os recreos cos recursos tecnolóxicos e radiofónicos dos que dispoñemos (laboratorio de radio e material maker).

- Outros espazos xestionados dende a biblioteca:

Nas aulas de FPBásica e Bacharelato mantemos unhas BIBLIOTECAS DE AULA, que acollen libros de consulta principalmente.

Espazo virtual na páxina web do centro: consiste nun enlace dentro da páxina web do centro onde temos espazo para o noso catálogo, as publicacións, os clubs de lectura e o noso blog, denominado ARTELLANDO, no que recolleamos as diversas actividades que se levan a cabo desde a biblioteca.

No corredor lindeiro á biblioteca compartimos un espazo para realizar as nosas exposicións, feiras e demais actividades relacionadas coa biblioteca.

Catalogación, rexistro e préstamo:

O catálogo da nosa biblioteca está formado basicamente por libros adquiridos ao longo dos anos polos distintos departamentos, a propia biblioteca e, en menor medida, material enviado por institucións oficiais (Xunta, Deputación, etc.) e doazóns.

Contamos cun catálogo de máis de 16200 rexistros bibliográficos, ata o momento. O primeiro rexistro da nosa biblioteca data de 1987. É por iso que nos últimos cursos estamos intentando renovar gran parte dos fondos que foron quedando obsoletos co paso do tempo. Continuamos realizando o expurgo pertinente e tamén é preciso acabar de catalogar na biblioteca moito material que existe nos diferentes Departamentos Didácticos. Este proceso conta co apoio dos diferentes seminarios pero por falta de tempo dos profesores encargados dese labor aínda queda moito por facer.

Este curso continuamos a actualizarnos no uso do programa Koha para toda a xestión informatizada da biblioteca, contando con catro persoas integrantes do grupo de biblioteca que se encargan de facer o rexistro e catalogación dos documentos, corrección de erros, actualización de etiquetas, etc.

RECURSOS HUMANOS

A biblioteca está **aberta todos os días en horario lectivo**. Os cinco días da semana está aberta desde segunda hora ata quinta hora, e os xoves ata sexta hora. É imposible cubrir todas as horas por motivos de falta de persoal. Temos que destacar que as horas nas que máis necesita do persoal na sala son as que corresponden aos recreos, momento no que contamos sempre cun profesor de garda para cumprir as funcións de préstamo e devolucións tan solicitadas neses intre e tamén co alumnado do voluntariado.

O equipo da biblioteca está formado por un amplo abano de profesores e profesoras de varias materias (4 en total): Lingua Castelá, Lingua Galega, Xeografía e Historia, Debuxo. A profesora coordinadora do equipo da biblioteca, Eva Tizón Zas do departamento de Lingua Castelá e Literatura, conta este ano con **cinco horas** de garda e **unha para a reunión do equipo de biblioteca**, o resto do equipo oscila entre **unha e catro horas**. Achegamos horario:

HORARIO DA BIBLIOTECA

HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:30-9:20					
9:20-10:10	Leticia Castro	Emma Abella	Silvia Candia	Rosalía Regueiro	Jorge Cea
10:10-11:00	Eva Tizón	Leticia Castro	Jorge Cea	Eva García	Emma Abella
RECREO	Luís Giadás	Emma Abella	Leticia Castro	Leticia Castro	Emma Abella
11:30-12:20	Rosalía Regueiro	Eva Tizón	Reunión Biblioteca	Eva Tizón	Jorge Cea
12:20-13:10	Eva Tizón	Leticia Castro	Diego Cousillas	Eva García	Eva Tizón
13:10-14:00				Silvia Candia	

OBXECTIVOS PARA O CURSO

- Fomentar o uso da biblioteca como un recinto dinamizador cultural e sobre todo incidir nas actividades lecto-escritoras nun intento de converter a lectura no centro como algo habitual e enriquecedor. Nese sentido a colaboración cos diferentes departamentos convértese nun feito trascendental para o éxito final deste obxectivo.
- Asegurar o acceso a información proporcionando as ferramentas básicas para que os usuarios poidan aproveitar os recursos que a biblioteca lles proporciona.
 - Os usuarios consigan manexar de forma autónoma os recursos dispoñibles.
 - Fomentar o uso das novas tecnoloxías para obter información e recursos.
- Proporcionar apoio ás actividades de ensinanza-aprendizaxe do profesorado.
 - Participar cos departamentos nas actividades docentes.
 - Fomentar a utilización da biblioteca mediante actividades interdisciplinarias que integren diferentes áreas de traballo.
- Continuar coa marcha dos clubs de poesía, narrativa, manga, filosofía, de ciencia e de adultos.
- Continuar co programa de Voluntariado na Biblioteca, promovido pola Consellería.
- Concursos de redacción e relatos curtos en relación a datas significativas (Samaín, Nadal, Día do Libro, Letras Galegas...)
- Facilitar o acceso ao alumnado para a realización de actividades recreativas e de ocio propias da súa idade, fomentando o uso da biblioteca fora do horario lectivo.
- Diseñar actividades recreativas para uso da biblioteca por parte da comunidade escolar.
- Establecer lazos coas asociacións culturais do entorno para participar de forma conxunta en actividades de formación permanente e complementaria.
- Xestionar de forma centralizada os fondos documentais do centro.
 - Empregar o novo programa de xestión informatizada KOHA.
 - Continuar co préstamo informatizado e deslocalizado.

- Seguir a desenvolver o uso e o aprendizaxe das TIC's e audiovisuais mantendo , fomentando e traballando coa nosa páxina web e o blog.
- Participación dos alumnos e alumnas nas decisións de adquisición de fondos, realización de actividades... a través de distintos medios (caixa de suxestións, páxina web, tutoría...)
- Colaboración da asociación de nais e pais ou outra que poida existir na zona coa biblioteca, colaboración referida a presupostos, actividades abertas á comunidade escolar, horario de atención, cursos...

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

1- ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

A biblioteca do noso centro permanecerá aberta durante o horario lectivo indicado anteriormente.

A coordinadora da biblioteca ten catro horas de garda e conta cun equipo de profesorado, xa con experiencia, que realiza as labores de préstamo, catalogación e organización xeral da biblioteca. Seguiremos criterios estandarizados no ámbito bibliotecario (CDU: simplificación para a zona de Narrativa, Poesía, Teatro, Historia e Artes). Usaremos o programa KOHA para xestionar os fondos e préstamos da nosa biblioteca escolar e, por último, proseguiremos co expurgo de material obsoleto ou de escaso uso que desprazaremos para un arquivo anexo ao espazo diario.

Tamén se actualizará a sinalización dos andeis adaptando a información ás diferentes temáticas e idades. E coordinarase o traballo para o alumnado que participa no voluntariado. Así mesmo, este ano contamos cunha hora semanal de reunión dos docentes que forman o equipo de biblioteca.

2- DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, INTEGRACIÓN NO CURRÍCULO, A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

O equipo de traballo da biblioteca elaborará un programa de ACTIVIDADES CO PROPÓSITO DE DINAMIZAR E PROMOCIONAR OS RECURSOS DA BIBLIOTECA:

- Sesións de presentación de lecturas.
- Publicidade de lecturas nos taboleiros das aulas.
- Convocatoria de concursos literarios.
- Campañas para os períodos de vacacións.
- Creación de bibliotecas de aula.
- Exposicións de recursos para as distintas conmemoracións (Dereitos humanos, Día da Paz, Día da muller, Día da Poesía, Semana das Letras Galegas, etc.)
- Exposicións de novidades e información aos titores.
- Colaboración do EDNL.

O equipo da biblioteca propondrá ao comezo do ano escolar un proxecto para que sexa aprobado polo claustro e que finalice coa exposición de tódolos traballos na Semana Cultural. Dito proxecto implicará unha busca activa de información e elaboración de traballos orixinais dentro do currículo de cada materia. O obxectivo deste proxecto será o de promover a aprendizaxe autónoma integrando as tecnoloxías da comunicación na recollida e tratamento da información, sempre coa implicación dos departamentos de acordo ao Plan Anual de Lectura. A biblioteca será o punto de partida para a información sobre a actividade (cartaces, dípticos e trípticos), decoración dos espazos, selección de lecturas ou películas, recitais,...

3. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL

Ao inicio do curso, o alumnado de ESO, 1º FPB e de 1º BAC, visitará a biblioteca, acompañados do seu titor, un alumno do voluntariado e un profesor encargado, membro do grupo de traballo da biblioteca. Nesta visita o alumnado recibe información da biblioteca en xeral:

- presentación do espazo e os recursos,
- información sobre as normas de uso, horario e as condicións de préstamo,
- distribución e localización dos fondos, entendendo o sistema de clasificación (CDU),
- presentación da páxina web e do blog da biblioteca.

O equipo da biblioteca realiza diferentes actividades como concursos do tipo “Ponte a proba”, “Textos na procura de autor”, etc. que animan a utilizar diferentes tipos de material – convencional e electrónico- co fin de resolver enigmas, problemas matemáticos, busca de información, etc.

4. FOMENTO DA LECTURA

As liñas de actuación de fomento e dinamización da lectura que se levarán a cabo desde a biblioteca son as seguintes:

- a. Coordinación da elaboración e actualización do Plan anual de lectura.
- b. Lecturas individuais ou compartidas.
- c. Desenvolvemento da Hora de ler.
- d. Encontros con autores ou ilustradores.

- e. Clubs de lectura.
- f. Celebración de datas conmemorativas.
- g. Obradoiros de creación, tanto literaria como audiovisual.
- h. Concursos literarios e creativos.
- i. Concertos e actividades musicais.
- j. Saídas didácticas.
- k. Información a toda a comunidade educativa do Plan anual de lectura.
- l. Integración das familias nas actividades de dinamización da lectura no contexto da biblioteca como espazo creativo.

Buscaremos o achegamento á lectura desde diferentes perspectivas: lectura para aprender, resumir, resolver problemas, lectura por pracer...

A competencia lectora e o itinerario lector estará marcado pola biblioteca e máis o resto dos departamentos didácticos os cales aportarán cal é a dedicación, temporalización e selección de lecturas obrigatorias ou optativas, que van traballar e avaliar nas súas respectivas materias e que está recollido no Plan Anual de Lectura.

5. BIBLIOTECA INCLUSIVA

Desde a biblioteca seguiremos levando a cabo iniciativas que aborden os valores cívicos relacionados coa inclusión. Principalmente a conmemoración de datas e tamén temos elaborado un listado a disposición do alumnado e profesorado centrado nas temáticas inclusivas, e o profesorado de linguas incluíu moitos destes títulos nas lecturas voluntarias, o que activa notoriamente a lectura destes fondos.

Continuaremos fomentando no Club de lectura, libros que tratan temas relativos á inclusión e integración.

6. OUTRAS ACTUACIÓNS

Manterase en colaboración coa radio do instituto a actividade dos Venres musicais e seguiremos promovendo as saídas didácticas vinculadas aos clubs de lectura e ás actividades realizadas dende a biblioteca.

Está previsto continuar a renovación de fondos por seccións e o expurgo de material que iniciamos este curso. Así como, a adquisición de novos materiais didácticos de temática artística aproveitando que creamos unha sección dedicada ao Álbum ilustrado, ámbito no que seguiremos a traballar tamén no vindeiro curso.

Este curso melloraremos ademais a sección de xogos e o mobiliario da sección “lectura relaxada”.

PLAN ANUAL DE LECTURA

O Plan Anual de Lectura é o documento que recolle todas as iniciativas concretas relacionadas coa formación lectora e o papel que desenvolve a biblioteca, e que se marcan como obxectivos a conseguir en cada curso. O PAL forma parte da PXA e debe ser actualizado cada ano. No instituto trabállase de xeito cotiá o fomento da lectura xa que a maior parte dos departamentos ofrecen os seus itinerarios lectores, recollidos nas respectivas programacións, que contemplan o tempo de dedicación á lectura na aula, os itinerarios lectores propostos, a avaliación e a utilización dos recursos da biblioteca para lévalo a cabo.

Dentro do programa de actividades da Biblioteca temos dous proxectos de peso con respecto ao fomento da lectura. O primeiro é o desenvolvemento da Hora de Ler, que cada día, desde o mes de outubro ata maio, dedicamos vinte minutos á lectura individual, autónoma e silenciosa en todos os cursos de ESO e 1º de FPB, e na que participan case o cen por cento dos departamentos didácticos. O segundo proxecto son os Clubs de Lectura que se desenvolven periodicamente cada quince días, con temáticas variadas e alumnado de todos os niveis educativos.

Ademais desenvólense diferentes actividades que tamén conforman o PAL e que contemplan aspectos relacionados coa lectura, dentro do proxecto de actividades que leva a cabo a biblioteca, a colaboración do ENDL e outras actuacións como o traballo conxunto coa radio escolar Ponte na onda.

A continuación incluimos a aportación de cada departamento ao Plan Anual de Lectura:

Departamento de Latín

Materia e curso: Grego II, 2º Bacharelato

Dedicación á lectura na aula

Só ocasionalmente se dedicará algún tempo á lectura dalgunhas pasaxes nas sesións de clase, a propósito da explicación dos contidos teóricos de literatura. As lecturas son, ante todo, un traballo persoal do alumnado.

Itinerarios Lectores

- *Ilíada*, Homero.
- *Poesía lírica arcaica*, Safo, Alceo, Arquíloco.
- *Edipo rei*, Sófocles.

- *La Asamblea de las mujeres*, Aristófanes.
- *Cunus. Sexo y poder en Roma*, Patricia González Gutiérrez.
- *Los Arcanienses. Los Caballeros. Las Tesmoforias. La Asamblea de las Mujeres*, Aristófanes.

Criterios de avaliación

As lecturas de Grego II serán avaliadas no apartado dos contidos teóricos, cun peso aproximado de 1,5 puntos.

Utilización dos recursos da Biblioteca

Dado o escaso número de alumnado, a biblioteca conta con suficientes exemplares, que están tamén a disposición dos alumnos nos fondos do departamento.

Departamento de Inglés

Materia e curso: Inglés

Dedicación á lectura na aula

Aparte da hora de ler, dedícase tempo na aula á lectura e comprensión dos textos temáticos de cada unidade didáctica arredor dun tema de interese social e educativo.

Itinerarios Lectores

Non hai libros de lectura obrigatorios aparte dos textos que veñen nos manuais.

Criterios de avaliación

En todas as probas a comprensión lectora está presente con entre un 10 e un 20% , máis ben cara o 20, do valor total da proba.

Utilización dos recursos da Biblioteca

Departamento de Francés

Materia e curso: Francés, ESO e Bacharelato

Dedicación á lectura na aula

A participación na Hora de ler nos cursos de ESO.

Itinerarios Lectores

Non hai lecturas previstas.

Criterios de avaliación

Utilización dos recursos da Biblioteca

Departamento de Galego

Materia e curso: Lingua e Literatura Galegas, ESO, Bacharelato e FPB.

Dedicación á lectura na aula

Nos dous cursos de bacharelato non se fai lectura.

Na ESO participase na “Hora de Ler”, 20 minutos por grupo á semana.

En 2º FPB dedícase tempo semanal á lectura.

Itinerarios Lectores

<i>A fiestra valdeira</i> <i>(lectura obrigatoria)</i>	Rafael Dieste	2º Bach.
<i>A esmorga</i> <i>(lectura obrigatoria)</i>	Blanco Amor	2º Bach.
<i>O club da calceta</i> <i>(lectura obrigatoria)</i>	María Reimóndez	2º Bach.
<i>Cousas</i>	Alfonso Rodríguez Castelao	2º Bach.
<i>Dos arquivos do trasno</i>	Rafael Dieste	2º Bach.
<i>Merlín e familia</i>	Álvaro Cunqueiro	2º Bach.
<i>Á lus do candil</i>	Ánxel Fole	2º Bach.
<i>Memorias de Tains</i>	Rodríguez Mourullo	2º Bach.
<i>O crepúsculo e as formigas</i>	Méndez Ferrín	2º Bach.
<i>Vento ferido</i>	Carlos Casares	2º Bach.
<i>Que me queres, Amor?</i> <i>(lectura obrigatoria)</i>	Manuel Rivas	1º Bach.
<i>Resistencia</i> <i>(lectura obrigatoria)</i>	Rosa Aneiros	1º Bach.

<i>O derradeiro libro de Emma Olsen</i>	Berta Dávila	1º Bach.
<i>Eroski Paraíso</i>	Chévere	1º Bach.
<i>Senlleiras</i>	Antía Yáñez	1º Bach.
<i>O conto da criada</i>	Margaret Atwood	1º Bach.
<i>Un nome de dicionario</i>	Amélie Nothomb	1º Bach.
<i>Made in Galicia</i>	Séchu Sende	1º Bach.
<i>Seique</i>	Susana Sanches Arins	1º Bach.
<i>A transformación</i>	Franz Kafka	1º Bach.
<i>O perfume</i>	Patrick Süskind	1º Bach.
<i>Orlando Orlando</i>	Virginia Woolf	1º Bach.
<i>Os nenos da varíola</i> <i>(lectura obrigatoria)</i>	María Solar	4º ESO
<i>O centro do labirinto</i> <i>(lectura alternativa)</i>	Agustín Fernández Paz	4º ESO
<i>A casa dos Lucarios</i> <i>(lectura obrigatoria)</i>	Teresa Moure	4º ESO
<i>Santoamaro</i> <i>(lectura obrigatoria)</i>	Fraga, Antonio M	4º ESO
<i>O segredo da casa de Formoso</i> <i>(lectura alternativa)</i>	Cajaraville, Héctor	4º ESO
<i>Bullying</i>	Álex Alonso	4º ESO
<i>O efecto Frankenstein</i>	Elia Barceló	4º ESO
<i>Conta saldada</i>	Suso de Toro	4º ESO
<i>Mecanoscrito da segunda orixe</i>	Manuel de Pedrolo	4º ESO
<i>A praia dos afogados</i>	Domingo Villar	4º ESO
<i>O curioso incidente do can a media noite</i>	Mark Haddon	4º ESO
<i>Unha primavera para Aldara</i>	Teresa Moure	4º ESO
<i>Un monstro vén a verme</i>	Patrick Ness	4º ESO
<i>Poetízate</i>	Fran Alonso	4º ESO
<i>Memorias dun neno labrego</i>	Xosé Neira Vilas	4º ESO
<i>Tresatorcedezaseis</i>	Rocío Leira	3º ESO
<i>Un ollo de vidro. Retrincos</i>	Rodríguez Castelao	3º ESO/2º BAC
<i>Quen matou a Inmaculada de Silva?</i>	Marina Mayoral	3º ESO
<i>Virtudes e misterios</i>	Xesús Fraga	3º ESO
<i>Ollos de auga</i>	Domingo Villar	3º ESO
<i>O corazón de Xúpiter</i>	Leticia Costas	2º ESO
<i>Unha estrela no vento</i>	Leticia Costas	2º ESO
<i>A expedición do pacífico</i>	Marilar Aleixandre	2º ESO
<i>Cartas de inverno</i>	Fernández Paz	2º ESO
<i>O que sei do silencio</i>	Andrea Maceiras	2º ESO
<i>Mentira</i>	Care Santos	2º ESO
<i>A pomba e o degolado</i>	Fina Casalderrey	2º ESO
<i>Chamádeme Simbad</i>	Francisco Castro	1º ESO
<i>No corazón do bosque</i>	Fernández Paz	1º ESO
<i>O misterio das badaladas</i>	Xabier P. Docampo	1º ESO
<i>Usha</i>	María Reimóndez	1º ESO

<i>Bala perdida</i>	Manuel Rivas	1º ESO
<i>O segredo do lagarto arnal</i>	Andrea Maceiras	1º ESO
<i>Dormente</i>	Raquel Castro	1º ESO

Crterios de avaliación

En bacharelato non hai tempo asignado á lectura en clase, pero si hai libros de lectura obrigatorios que son obxecto dunha proba escrita valorada co 10% da nota global do trimestre. Non se participa na Hora de Ler. As lecturas complementarias serven para recuperar a parte de nota da proba sobre lecturas obrigatorias.

Nos cursos de ESO tampouco se dedica tempo da materia á lectura. A proba sobre lecturas obrigatorias valórase co 10% da nota. Si se participa na Hora de Ler, e en 1º de ESO ofrécese a posibilidade de facer lecturas voluntarias para recuperar nota, sen superar a nota global da materia.

Utilización dos recursos da Biblioteca

Participamos, igual que todos os departamentos na Hora de ler.

En bacharelato non se fai hora de ler, aínda que se anima á lectura de obras relacionadas co temario e obras en galego en xeral.

Departamento de Castelá

Materia e curso: Lingua castelá e Literatura, ESO e Bacharelato

Literatura Universal, 1º Bacharelato

Dedicación á lectura na aula

En todos os niveis educativos dedícase a diario un tempo de lectura na aula, de textos significativos de obras literarias dependo dos períodos de estudo, e de textos nas distintas modalidades textuais e informacionais.

Itinerarios Lectores		
<i>Mentira</i>	Caré Santos	1º ESO
<i>La lección de August</i>	R. J. Palacios	1º ESO
<i>Verdad</i>	Caré Santos	1º ESO
<i>El Príncipe de la Niebla</i>	Carlos Ruíz Zafón	2º ESO
<i>Persépolis</i>	Marjane Satrapi	2º ESO
<i>Los mejores casos de Sherlock Holmes</i>	Arthur Conan Doyle	2º ESO
<i>La rama seca del cerezo</i>	Rafael Salmerón	3º ESO

<i>La leyenda del Cid</i>	Anónimo	3º ESO
<i>Nunca seré tu héroe</i>	María Menéndez Ponte	3º ESO
<i>Leyendas y Rimas</i>	Bécquer	4º ESO
<i>La casa de Bernarda Alba</i>	García Lorca	4º ESO
<i>Antología de cuentos de la literatura española</i>	AAVV	4º ESO
<i>La Catedral del Mar</i>	Ildefonso Falcones	1º BAC
<i>El guardián invisible</i>	Dolores Redondo	1º BAC
<i>La vida es sueño</i>	Calderón de la Barca	1º BAC
<i>Naves negras ante Troya</i>	Clásico adaptado	1º BAC
<i>Robinson Crusoe</i>	Daniel Defoe	1º BAC
<i>El gato negro y otros cuentos de terror</i>	Allan Poe	1º BAC
<i>Romancero Gitano</i>	García Lorca	2º BAC
<i>Crónica de una muerte anunciada</i>	García Márquez	2º BAC
<i>La Fundación</i>	Buero Vallejo	2º BAC
<i>El lector de Julio Verne</i>	Almudena Grandes	2º BAC

Criterios de avaliación

As lecturas obrigatorias son cualificadas cun peso dun 20% aproximadamente da nota de avaliación e o resto de lecturas levan o seu correspondente peso en cada actividade da que forman parte.

Utilización dos recursos da Biblioteca

Empréganse os fondos bibliográficos e informacionais, así como os espazos da biblioteca para a realización de actividades.

Departamento de Historia

Materia e curso: Xeografía e Historia, 1º a 4º ESO

Historia do mundo contemporáneo, 1º Bacharelato

Dedicación á lectura na aula

O departamento de Xeografía e Historia súmase á proposta da Hora de ler. Deste xeito, lemos vinte minutos en cada unha das sesións sinaladas no calendario.

Ao longo de todos os cursos de ESO, utilízanse diversas lecturas relacionadas con contidos propios da materia se ben, non cun tempo fixo asignado. Para isto poderanse propoñer traballos coas obras ao completo, por exemplo, a lectura dun libro, ou ben utilizar determinados fragmentos para ilustrar

algún contido concreto. Estas lecturas poderán ter carácter voluntario ou obrigatorio, dependendo dos cursos e das características dos propios grupos.

Itinerarios Lectores		
<i>Veinte mil leguas de viaje submarino</i>	Julio Verne	1º ESO
<i>A volta ao mundo en 80 días</i>	Julio Verne	1º ESO
<i>O libro do clima</i>	E. Gonstalla	1º ESO
<i>Que teñen que ver as vacas co cambio climático?</i>	M. Martínez	1º ESO
<i>A historia de Greta: non es demasiado pequeno para facer cousas grandes</i>	V. Camerini	1º ESO
<i>El tesoro de Brando</i>	M. Regueiro	1º ESO
<i>El valle de los caballos</i>	J. M. Auel	1º ESO
<i>La tierra de las cuevas pintadas</i>	J. M. Auel	1º ESO
<i>Mitos griegos</i>	M. Angelidou	1º ESO
<i>Asterix. Os Loureiros do César</i>	R. Goscinni e A. Uderzo	1º ESO
<i>Cleopatra</i>	C. Gil	1º ESO
<i>Ulf de Jakobsland: Os vikingos en Galicia</i>	A. Varela	2º ESO
<i>El señor del Cero</i>	M.I. Molina	2º ESO
<i>Así vivieron en Al-Ándalus: la historia ignorada</i>	J. Greus	2º ESO
<i>El capitán Alatriste</i>	Pérez Reverte	2º ESO
<i>O soño do falcón</i>	X. Iglesias	2º ESO
<i>Ivanhoe</i>	W. Scott	2º ESO
<i>Ausentes</i>	A. Eiré	2º ESO
<i>Emigrantes</i>	T. Shaun	2º ESO
<i>Tristes Armas</i>	Marina Mayoral	2º ESO
<i>La puerta trasera del paraíso</i>	L. Leante	2º ESO
<i>Refugiado</i>	A Gratz	2º ESO
<i>La ciudad a través del tiempo. Un paseo histórico por una urbe: de colonia antigua a metrópoli</i>	P. Steele	2º ESO
<i>La vuelta al mundo de un forro polar rojo</i>	W. Korn	3º ESO
<i>El oro de los sueños</i>	J.M. Merino	3º ESO
<i>A ladroa da biblioteca de Meirás</i>	E. Mejuto	4º ESO
<i>La ladrona de libros</i>	M. Zusak	4º ESO
<i>Diario</i>	D. Puls (A. Frank)	4º ESO/ 1º BAC
<i>Los miserables</i>	Víctor Hugo	4º ESO

<i>A pensión Eva</i>	A. Camilleri	4º ESO
<i>Cuando Hitler robó el conejo rosa</i>	J. Kerr	4º ESO
<i>Un día de cólera</i>	Arturo Pérez Reverte	4º ESO
<i>El fotógrafo de Mauthausen</i>	S. Rubio	4º ESO
<i>La sombra del águila.</i>	Arturo Pérez Reverte	1º BAC
<i>Os nenos da variola</i>	María Solar	4º ESO/ 1º BAC
<i>Rebelión en la granja</i>	George Orwell	1º BAC
<i>Diario</i>	Ana Frank	1º BAC
<i>Maus: relato de un superviviente</i>	Art Spiegelman	4º ESO/ 1º BAC
<i>Un verano en Lesmona</i>	Marga Beck	1º BAC
<i>O mundo en que vivín</i>	Ilse Losa	1º BAC
<i>Un día de cólera</i>	Arturo Pérez Reverte	4º ESO
<i>¡Putra guerra!: 1914-1919</i>	J.P. Verney	4º ESO/ 1º BAC
<i>La balada del norte</i>	A Zapico	4º ESO
<i>Persépole</i>	M. Satrapi	1º BAC
<i>Tiempos difíciles</i>	Dickens	1º BAC

Para 1º Bacharelato o alumnado traballará unha obra de contido histórico en cada trimestre. Para iso, a comezos de cada un, o alumnado escollerá entre varias propostas acordes ás etapas a traballar en cada avaliación. Para realizar unha lectura máis analítica, o alumnado traballará cunha guía de lectura na que desenvolver distintas actividades.

Criterios de avaliación

A avaliación das lecturas ou dos traballos propostos sobre elas (debates, enquisas, guías de lectura, etc.) cualificarase dentro da porcentaxe da nota correspondente ás tarefas, entregas, traballo diario, etc. Esta porcentaxe varía, en función dos cursos, entre o 40% e o 30%, tal e como se recolle nas programacións.

Utilización dos recursos da Biblioteca

O Departamento de Xeografía e Historia súmase á hora de ler. Ademais, desde as súas materias animará ao alumnado a participar nas actividades propostas dende a Biblioteca e colaborará na organización das mesmas.

Departamento de Física e Química

Materia e curso: Física e Química, 2º, 3º e 4º ESO; 1º e 2º Bacharelato

Dedicación á lectura na aula

Dedicaranse os vinte minutos estipulados na Hora de ler do centro segundo o calendario acordado. O carácter destas lecturas será libre.

A maiores, nas unidades ou apartados destas, poderán analizarse novas ou información variada sobre avances científicos extraídos de fontes diversas, tales como os seguintes blogs:

- dimetilsulfuro.es a cargo de Deborah García Bello.
- cienciaesofa.com a cargo de Jordi Pereyra.

Itinerarios Lectores		
<i>El bosón de Higgs no te va a hacer la cama</i>	Javier Santaolalla	2º Bac
<i>El universo en una taza de café</i>	Jordi Pereyra	2º Bac
<i>Todo es cuestión de química</i>	Déborah García Bello	1º/2º Bac
<i>Respuestas sorprendentes a preguntas cotidianas</i>	Jordi Pereyra	1º/2º Bac
<i>Ciencia alucinante: Los más increíbles descubrimientos científicos</i>	Simon Torok e Paul Holper	2º/3º ESO
<i>El mundo de Max. La ciencia para todos</i>	Javier Fernández Panadero	2º/3º ESO
<i>¡Que se le van las vitaminas!</i>	Déborah García Bello	4º ESO /1º Bac
<i>Hacia las estrellas</i>	Alex Riveiro	4º ESO
<i>La cuchara menguante</i>	Sam Kean	3º ESO
<i>La física de los superhéroes</i>	James Kakalios	1º/2º Bac
<i>Un científico en el supermercado</i>	José Manuel López Nicolás	3º/4º ESO
<i>Desayuno con partículas</i>	Sonia Fernández Vidal	4º ESO/1º Bach

Criterios de avaliación

Non se vai cualificar dentro da materia o tempo asignado á lectura.

Utilización dos recursos da Biblioteca

Participación na Hora de ler e uso do servizo de empréstimo da biblioteca.

Departamento de Matemáticas

Materia e curso: Ámbito Científico e Matemático, 3º PDC

Dedicación á lectura na aula

Unha hora á semana con carácter obrigatorio.

Itinerarios Lectores

- *Malditas matemáticas. Alicia en el país de los números*, Carlo Fabreti.

Criterios de avaliación

Non se vai cualificar dentro da materia.

Utilización dos recursos da Biblioteca

Os libros utilizados son préstamos da biblioteca.

Departamento de Economía

Materia e curso: Economía, 1º Bacharelato e 4º ESO

Dedicación á lectura na aula

Tres horas semanais de lectura dos libros de texto y dos apuntes elaborados pola docente, de carácter obrigatorio. Lecturas de libros recomendados polo docente de carácter voluntario.

Itinerarios Lectores

- *Mi primer libro de economía, ahorro e inversión*, M^a Jesús Soto.
- *Macroeconomía en viñetas*, Grady Klein.
- *La economía en cómic*, Jézabel Coupey.
- *La vuelta al mundo de un forro polar rojo*, Wolfgang Korn.

Criterios de avaliación

As lectura dos libros é voluntaria, non se avalía.

Utilización dos recursos da Biblioteca

Departamento de Tecnoloxía

Materia e curso:

Dedicación á lectura na aula

Itinerarios Lectores

- *La puerta de los tres cerrojos.*

Criterios de avaliación

Utilización dos recursos da Biblioteca

PLAN DE ACTUACIÓN POR TRIMESTRES

1º TRIMESTRE

Tarefas:

- ✎ Reparto de tarefas entre os membros do equipo da biblioteca.
- ✎ Creación e presentación das bibliotecas de aula.
- ✎ Colocación de andeis e mantemento da orde nelas. Expurgo.
- ✎ Publicación de entradas na nosa páxina web e no blog.
- ✎ Rexistro e colocación dos novos fondos.
- ✎ Campaña de lectura para vacacións de Nadal.
- ✎ Creación do Fondo “Paco Souto” que recolle os volumes de poesía da editorial Espiral Maior.

Actividades:

- ✎ Clubs de lectura . Estará composto por alumnado e profesorado ou calquera outro membro da comunidade escolar que se reunirá periodicamente para falar de libros. A profesora responsable do Club de Lectura, encargarse de coordinar e programar o club e dinamizar as súas reunións. (Organizados por temáticas, este curso contamos con catro clubs de lectura incluíndo o de adultos).
- ✎ Formación de usuarios.
- ✎ Posta en marcha da actividade HORA DE LER. Nela participan ESO e 1º FPB.
- ✎ Publicación das lecturas propostas nos taboleiros das aulas, corredores e bibliotecas.
- ✎ Semana da Ciencia en Galego. Posible colaboración co Departamento de Ciencias para a elaboración, proxección de materiais, conferencias...
- ✎ Celebración do SAMAÍN: “Concurso de microrrelatos de Medo”. Proxección dun filme. “Concurso de cabazas”.
- ✎ Posibles actividades ao redor do Día Contra a violencia de Xénero.

Este programa de actividades de lectura implica a colaboración do profesorado e das familias, ás que se informará nas reunións conxuntas ao principio do curso. Os titores pediránlles aos pais que sempre que sexa posible, animen e axuden os seus fillos, establecendo tempos de lectura obrigatoria, controlados polos propios pais.

A biblioteca recollerá ao principio de curso as solicitudes de novas adquisicións, de xeito que o profesorado e o alumnado conte cos recursos precisos para desenvolver o seu traballo.

2º TRIMESTRE

Tarefas:

- ✎ Adquisición de documentos en colaboración cos departamentos didácticos.
- ✎ Redistribución dos documentos da HORA DE LER.
- ✎ Colocación dos andeis e mantemento da orde nelas. Expurgo.
- ✎ Publicación de entradas na nosa páxina web e no blog.
- ✎ Rexistro e colocación dos novos fondos.

Actividades:

- ✎ Celebración do día dos namorados. Concurso en colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística.
- ✎ Celebración do día da muller.
- ✎ Continuación dos clubs de lectura.
- ✎ Campaña de lectura para vacacións.
- ✎ Publicación das lecturas propostas nos taboleiros das aulas, corredores e biblioteca.
Continuación.

3º TRIMESTRE

Tarefas:

- ✎ Colocación dos andeis e mantemento da orde nelas. Expurgo.
- ✎ Publicación de entradas na nosa páxina web e no blog.
- ✎ Rexistro e colocación dos novos fondos.
- ✎ Campaña de lectura para vacacións de verán.

Actividades:

- ✎ Día da poesía. Selección e lectura de poemas na biblioteca.
- ✎ Día do libro e dos dereitos de autor. Lectura continuada de textos seleccionados na biblioteca durante toda a xornada lectiva por parte de todos os grupos da ESO e os seus profesores.
- ✎ Día das Letras Galegas 2024, homenaxeada Luísa Villalta. En colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística na celebración de actividades.
- ✎ Exposición conmemorativa nos taboleiros: citas, recensións autores, etc.
- ✎ Exposición de NOVIDADES na biblioteca.
- ✎ Club de lectura. Continuación.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Son dous os aspectos que serán obxecto de avaliación:

1.- USO DA BIBLIOTECA

- Realización de estatísticas de lectores utilizando os recursos do programa Koha.
- Comprobación do nivel de demanda dos libros que se publican nos boletíns, exposicións, conmemoracións, revistas, taboleiro de anuncios e/ou por calquera outro medio.
- Estudo da demanda de material non catalogable (xornais, revistas, etc.) e audiovisual.

2.- IMPLICACIÓN

Comprobación do nivel de participación nas actividades que se organizan:

- Valoración do uso da biblioteca por parte do profesorado dos diferentes departamentos didácticos como recurso pedagóxico (enquisa ao final do curso).
- Colaboración coa biblioteca municipal e co Concello co noso proxecto a fin de que a biblioteca transcenda o uso escolar para integrarse na vida do pobo; dese xeito en horario non escolar a biblioteca podería ser utilizada en beneficio da poboación.
- A Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA): tamén é importante que se impliquen no uso e gozo da biblioteca. Eles son un referente de grande importancia para os seus fillos e fillas.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1.- ELABORACIÓN DUNHA ENQUISA sobre o funcionamento, actividades e necesidades da biblioteca.

Nela os propios usuarios da biblioteca manifestarán o seu grao de satisfacción sobre o funcionamento da mesma. A enquisa permitirá detectar as posibles carencias que existan para levar a cabo medidas correctoras, así como as necesidades existentes no uso das novas tecnoloxías (programas, DVD, ...).

2.- REALIZACIÓN DE ESTATÍSTICAS sobre o uso dos fondos da biblioteca:

Libros máis demandados, número de préstamos por cada lector, materias máis solicitadas, uso dos ordenadores...

3. ENQUISA SOBRE AS DIFERENTES ACTIVIDADES REALIZADAS AO LONGO DO CURSO EN RELACIÓN AO PROCESO DE LECTO-ESCRITURA

Esta enquisa está encamiñada a analizar as actividades levadas a cabo ao longo do curso en relación á lectura e á escritura, intentando corrixir aqueles aspectos nos que se observe certo grado de incumprimento ou unha posible melloría.

ANEXO IV

Dinamización lingüística

PROGRAMACIÓN DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

IES EDUARDO PONDAL de PONTECESO
2023 - 2024

ÍNDICE

1. Introducción.

2. Referencias legais.

3. Equipo de dinamización da lingua galega.

4. Programación

4.1. Situación Sociolingüística do centro.

4.2. Medidas e obxectivos de apoio e reforzo adoptados para o correcto uso lingüístico escolar e educativo.

5. Actividades para a dinamización da lingua galega.

5.1. Internas

5.2. De dinamización sociolingüística.

6. Avaliación.

7. Plan lector.

8. Presenza das TIC.

1. INTRODUCCIÓN

O ámbito do ensino debería ser peza fundamental para garantir, no noso caso, a adquisición das ferramentas lingüísticas en galego a un estudiantado que ve como, ano tras ano, as cifras de desgaleguización nas novas xeracións galegas se disparan. Non imos aquí estendernos no papel que debería asumir o ensino, tamén, na recuperación da autoestima ao alumnado galegofalante máis novo. Malia todo, na practica e no conxunto de Galicia foi máis ben ao contrario: a presión do castelán sobre o galego no ensino levou á desgaleguización de parte do alumnado que entrara por primeira vez pola porta da escola falando en galego.

A escola capacita, si, de coñecementos, especialmente no código escrito, pero a normalización nese ámbito, no conxunto de Galicia, está aínda lonxe.

A ausencia de prestixio lingüístico contribuirá á desmotivación cara á aprendizaxe e cara o uso dunha determinada lingua, propiciando unha reducida produción e reprodución lingüística. Pola súa parte, unha lingua socialmente prestixiada terá o efecto contrario: mobilizará conciencias, esforzos e investimentos individuais.

Estamos, iso si, na Costa da Morte, e de momento o noso centro segue a ser un dos espazos galegos en que nos corredores se escoita moi maioritariamente a nosa lingua.

Precísase dun proxecto do uso do galego con obxectivos e actividades dedicados ao fomento da nosa lingua sendo consecuentes coa realidade sociolingüística do noso país e do noso centro. É o que intentamos facer neste centro coa colaboración de pais, nais, alumnado, profesorado, o persoal de administración e servizos e mais coa Fundación Eduardo Pondal e a Biblioteca Pública de Ponteceso.

2. REFERENCIAS LEGAIS

A lei 3/1983 do 15 de xuño de normalización lingüística establece a obriga dos poderes públicos de garantiren o uso normal do galego e do castelán, así como que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos (art. 12).

Tamén o artigo 14 establece expresamente que a lingua galega é materia de estudo obrigado en todos os niveis educativos non universitarios e que se garantirá o uso efectivo deste dereito en todos os

centros públicos e privados. No parágrafo 3 do mesmo artigo encoméndaselles ás autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantir que, ao remate dos ciclos educativos en que o ensino do galego é obrigatorio, o alumnado debe coñecer esta lingua, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

Nesta liña tamén se pronuncian a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo Goberno español en 2001, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004, e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Máis recentemente contamos co Decreto 79/2010, do 25 de maio, para o plurilingüismo no ensino universitario de Galicia e, finalmente, a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), ademais da actual LOMLOE, do BOE do 30 de decembro de 2020, que se aplicará na súa totalidade no vindeiro curso

Por todo o anterior xorde a necesidade de adoptar un conxunto de medidas de dinamización dirixidas á promoción da lingua galega nos centros educativos, e isto é o que pretende o grupo de dinamización do IES de EDUARDO PONDAL de PONTECESO.

3. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

O EDLG do IES EDUARDO PONDAL de PONTECESO está constituído por:

- Eva M^a García Reino (Profesora de Lingua Galega e Literatura e coordinadora do EDLG)
- María Xosé Rodríguez (Profesora de Lingua galega e Literatura)
- Eva Tizón Zas (Profesora de Lingua Castelá e Literatura)
- Luis Giadás Álvarez (Profesor de Xeografía e Historia).
- Clara Isabel Regueira Villar (Profesora de Matemáticas)
- Valentín BlancoVerdía (Persoal non docente, administrativo).
- Alba Torrado (Alumna de 1º ESO)
- Diego Souto (Alumno de 1º ESO)
- Uxía Antón (Alumna de 1º ESO)
- Genoveva Reborido (Alumna de 1º ESO)
- Clara Álvarez (Alumna de 3º ESO)
- Paula Castro (Alumna 3º ESO)
- Ana Pérez (Alumna 3º ESO)
- Lucía Castro (Alumna de 3º ESO)

4. PROGRAMACIÓN DO EDLG DO IES EDUARDO PONDAL DE PONTECESO.

4.1. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

A situación sociolingüística do centro está determinada por un estudo realizado hai varios anos que determinou a situación real do uso lingüístico no centro. O seu obxectivo era definir o uso do galego no contexto sociolingüístico que rodea o centro, na situación do profesorado e na situación do alumnado. Deste estudo extraéronse no seu momento as seguintes conclusións, que compre revisar cunha enquisa máis ampla e dirixida a todos os colectivos vencellados co noso instituto::

- O contorno sociocultural do centro é, maioritariamente, galegofalante, polo menos no referido ás relacións familiares e coloquiais, e en parte tamén en relacións máis formais, como se desprende dos distintos contactos establecidos con pais e outros axentes locais. As familias empregan o galego tamén cando van ao médico ou cando falan coa administración no propio contorno. Os rapaces e os seus pais e nais non entenden o que é diglosia no seu espazo. Pero si o entenden cando van á Coruña para facer algún trámite ou de ocio. Aquí si que empregan o castelán porque, din, é a lingua maioritaria.
- Entre o profesorado existe un uso destacable do galego; un 50% afirma empregar só a lingua galega habitualmente e un 76% utilízaa no centro educativo. Ao mesmo tempo considera estar perfectamente capacitado para empregar o galego na súa actividade docente (un 58% dos enquisados valoran así a súa capacitación lingüística) e amosa unha boa disposición a facer cursos de reciclaxe sobre a lingua galega (un 83%). É importante destacar a opinión do noso persoal docente en relación coa consideración de que a adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece o noso alumnado: a resposta do profesorado é unánime neste sentido, o 100% das consultas coinciden en sinalar o enriquecemento desta aprendizaxe. A conclusión á que podemos chegar despois da análise de todos estes datos é que a actitude do profesorado con respecto á lingua galega é positiva en todos os sentidos.
- O uso do galego entre o alumnado é maioritario, tanto como lingua de comunicación familiar (un 86% considéraa a súa lingua nai) e de relación social, como nas interaccións comunicativas con outros elementos da comunidade educativa (profesorado, persoal de administración e

servizos, equipo directivo...); concretamente un 96% indica que a lingua empregada habitualmente no centro educativo é o galego. É significativo o feito de que o 89% do alumnado considere que aprender dúas ou máis linguas é tamén enriquecedor pero ao mesmo tempo mostre a súa indiferenza cando se lle propón a posibilidade de recibir máis clases en galego. De todas as maneiras, detéctase no emprego coloquial da lingua por parte do alumnado unha tendencia ao uso de castelanismos, cuestión en cuxa corrección deberíamos incidir.

Estes resultados cómpre actualizalos, a ser posible cunha periodicidade de dous anos, pois observamos un retroceso lento pero progresivo no emprego do galego nas novas xeracións que van entrando sucesivamente en 1, e tomar as medidas oportunas.

4.2. MEDIDAS E OBXECTIVOS DE APOIO E REFORZO ADOPTADAS PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO

A continuación presentamos as diferentes medidas que o Equipo de Dinamización, en colaboración co resto da comunidade educativa, levará a cabo para potenciar e reforzar o correcto uso da lingua galega no ámbito escolar e educativo. Tamén se presentan os obxectivos que se pretenden alcanzar.

4.2.1. OBXECTIVOS EN RELACIÓN Á CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

- Establecer vínculos e relacións de cooperación cos axentes socioculturais do concello, especialmente coa propia institución do Concello, cos outros centros educativos e con calquera asociación cultural, económica ou de calquera outro tipo coa que sexa interesante manter este tipo de relacións que redunden na dinamización da lingua galega.
- Dinamizar o noso IES cara ao exterior dando a coñecer o traballo do Equipo, especialmente o do alumnado, de maneira que se recoñeza o seu esforzo e dedicación.
- Amosar a toda a comunidade educativa elementos caracterizadores da cultura galega.
- Fomentar e contribuír á difusión de materiais impresos en lingua galega.
- Mostrar a idoneidade do noso idioma para calquera uso, superando progresivamente esquemas diglósicos, e facendo da lingua galega o vehículo natural e cotián de comunicación.

4.2.2. OBXECTIVOS EN RELACIÓN Á SITUACIÓN DO PROFESORADO

- Informar das actividades de formación e potenciación da lingua galega dirixidas ao profesorado.
- Facilitar o coñecemento da lingua galega nas diferentes materias e posibilitando a creación dunha terminoloxía axeitada para o proceso de ensinanza – aprendizaxe.
- Facilitar a adquisición de material curricular e pedagóxico en galego para todas as áreas, e promover o seu uso.
- Concienciar o profesorado dos valores positivos da nosa lingua e animalo no emprego da lingua galega tanto na escrita como na oralidade.
- Tentar implicar o profesorado na organización e desenvolvemento das actividades do equipo.
- Crear protocolos de integración lingüística, especialmente para o alumnado que se incorpora desde outros países con nulo coñecemento tanto do castelán coma do galego. Temos poucos casos pro van en aumento e requiren atención específica.

4.2.3. OBXECTIVOS EN RELACIÓN Á SITUACIÓN DO ALUMNADO

- Concienciar o alumnado do dereito a empregar a súa lingua en todos os ámbitos desbotando falsos prexuízos sobre a non idoneidade da mesma fóra do contexto familiar.
- Fomentar a visión e o sentir da lingua galega como sinal de identidade.
- Consolidar entre o alumnado o uso do galego como lingua de cultura e comunicación social, como seguinte paso ao seu uso como lingua vehicular, xa establecido e asentado na gran maioría dos alumnos e alumnas.
- Concienciar o alumnado da importancia de preservar tradicións galegas así como converterse en activos transmisores das mesmas.
- Converter o alumnado en protagonista das actividades organizadas e promovidas polo EDLG tentando motivar a súa capacidade imaxinativa e participativa.
- Involucrar os alumnos e alumnas como axentes activos do proceso dinamizador da lingua galega no centro e no exterior.

- Animar á lectura e á familiarización con novo vocabulario dunha maneira lúdica. Neste caso estamos en estreita colaboración coa biblioteca e o Proxecto Lector de Centro e cos Clubs de Lectura.
- Achegar o alumnado á figura da autora homenaxeada o día das Letras Galegas, neste caso Luísa Villalta , así como doutros persoeiros destacados da cultura galega.
- Concienciar o alumnado da importancia de preservar a súa lingua mediante o seu uso oral e escrito en todos os contextos da súa vida cotiá persoal e profesional.

4.2.4. OBXECTIVOS EN RELACIÓN Á SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

- Potenciar o uso da lingua galega en todas as situacións académicas e extraescolares en relación ao centro.
- Fomentar a sinalización en galego dos diferentes recintos.
- Amosar a toda a comunidade educativa elementos caracterizadores da cultura galega.
- Fomentar e contribuír á creación e á difusión de documentos e escritos en lingua galega.
- Mostrar a idoneidade do noso idioma para calquera uso, superando progresivamente esquemas diglósicos, e facendo da lingua galega o vehículo natural e cotián de comunicación.

5. ACTIVIDADES PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Nas actividades programadas ou previstas por este Equipo, podemos diferenciar dous tipos fundamentais: aquelas centradas no propio funcionamento do EDLG e nas súas funcións máis específicas e aquelas outras que podemos denominar de dinamización sociolingüística.

5.1. INTERNAS

- Análise do estado sociolingüístico actual do centro, por medio de enquisas e análises dos resultados das mesmas.

- Traducións, correccións, e subministración de material lingüístico informático e ferramentas web en galego a todos aqueles departamentos e membros da comunidade que o necesiten. Neste caso destacamos a revisión e correccións das sucesivas modificacións das Normas de organización, funcionamento e convivencia do centro (NOFC), aprobadas polo Claustro en xaneiro de 2014, así como o asesoramento á directiva en caso de dúbidas lingüísticas e corrección, cando así o soliciten, da información que emana dela.
- Compra de distinto material bibliográfico, lingüístico e sociolingüístico de interese para a dotación do equipo.
- Mantemento dun apartado específico para o Equipo Dinamización Lingüística dentro do blog da Biblioteca do instituto: <https://artellandonabiblio.blogspot.com/>.
- Presenza activa do EDLG e das súas actividades da Biblioteca do centro.
- Manterse en contacto co Concello, os centros educativos da comarca e as asociacións culturais da zona, para colaborar en actividades e compartir experiencias. No noso caso é fundamental a relación do IES coa Fundación Eduardo Pondal, coa asociación cultural “Monte Branco” do Couto e mais a colaboración coa Biblioteca Pública de Ponteceso

5.2. DE DINAMIZACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

- Mantemento da cortiza informativa que sirva para expoñer as novas e avisos do EDLG, pero tamén como medio de expresión de calquera que queira deixar publicamente reflectidas as súas ideas sobre a lingua.
- Velar polo emprego do galego na sinalética do centro.
- Premios de creación literaria de distinto tipo e en función da celebración de distintas conmemoracións culturais: Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, concursos de relato curto e poesía en lingua galega, para o que haberá que animar o alumnado a participar, debido á resistencia inicial a formar parte deste tipo de proxectos pola súa parte, sempre con tendencia

a infravalorarse e a pensar na súa incapacidade para a creación literaria. Colaborarase neste proxecto coa Biblioteca Escolar, entidade que no Plan Lector inclúe tamén esta actividade.

- Proxección de material audiovisual creado en Galicia e en lingua galega, que demostre que a nosa lingua é tamén apropiada para este tipo de soporte artístico. Centrarémonos principalmente nas curtametraxes, xénero fílmico actualmente en expansión e que supón un menor esforzo de atención por parte do alumnado debido á súa metraxe reducida. Posteriormente, espérase que estas proxeccións animen o alumnado a participar nuns obradoiros de creación de guións e rodaxe de curtas.
- Actividades extraescolares, como por exemplo o **Roteiro Pondaliano**, excursión que visitará os lugares nos que Pondal, ilustre fillo da terra dos nosos alumnos, se inspirou para escribir a súa obra. Para esta actividade contaremos coa colaboración de distintos departamentos (Lingua Galega, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais) e da Fundación Eduardo Pondal do concello de Ponteceso.
- A nosa colaboración coa **Biblioteca** é indispensable para seguir adiante coas actividades dinamizadoras, implementadas en todas e cada unha das actividades da biblioteca. Neste senso a actividades dos CLUBS de LECTURA é moi significativa a prol da lingua galega xa que unha porcentaxe moi significativa das lecturas realizadas van ser na nosa lingua.
- Compartimos tamén coa Biblioteca a **Hora de ler**. Elaboramos conxuntamente os títulos de libros que irán para as aulas e que terán que ler os alumnos 20 minutos na hora que lles toque. Unha semana terá que ler todo o alumnado á primeira hora. Outra semana, á segunda hora, e así sucesivamente de maneira que non sempre interfira nunha soa materia.
- Actividades sobre as distintas celebracións tradicionais: o Samaín, o Magosto, o Nadal, o día da Paz, o Entroido, a Candeloria...:

1º TRIMESTRE

- ❖ Conmemoración do “Samagosto” (31 de outubro) celebramos de maneira conxunta nesta ocasión o Samaín e Magosto, sempre en colaboración coa Biblioteca. Para iso convocamos un concurso de cabazas e un concurso de creación literaria de medo. Os grupos de 1º e 2º de ESO ademais asisten á proxección dun filme en lingua galega e toda a comunidade educativa achégase ao tradicional magosto coa asada das castañas.

Organizarase tamén un concurso de portas terroríficas así como se montará unha exposición de lecturas sobranceiras de Terror e Misterio: novelas, cómics, novidades editoriais e clásicos da nosa lingua, traducións ao galego de grandes clásicos da literatura universal.

- ❖ Asistencia a unha representación teatral cuxa temática está vinculada aos prexuízos lingüísticos que rodean o uso da lingua galega. Trátase da obra “A parábola do angazo” da Compañía Talía.
- ❖ Participación no Concurso Escolar de Teatro Lido “Xosé Manuel Eirís” coa dramatización por parte do alumnado de textos de creación propia en lingua galega así como textos de autorías varias como os de Paula Carballeira.
- ❖ Participamos tamén na conmemoración do 25 de novembro, día internacional da eliminación da violencia de xénero. Creación dun mural con mensaxes en positivo escritas en lingua galega.
- ❖ No **Nadal** convocamos un concurso de postais ou de calendarios de peto. Asemade xunto co equipo de Biblioteca farase unha selección de lecturas en galego para levar empesados durante as vacacións de Nadal.

2º TRIMESTRE

- A nosa colaboración coa **Biblioteca** continúa coa lectura de libros nos grupos de **CLUB DE LECTURA**.
- Con motivo do Día da Paz -30 de xaneiro- crearemos este ano unha actividade moi visual que poña de manifesto o volume de conflitos bélicos no mundo, tantos deles case invisibles nestas latitudes. Acto de solidariedade cos refuxiados da guerra de Ucraína e co pobo ucraíno, o recente conflito entre Israel e Palestina ou moitos outros que seguen vixentes.
- Día da Candeloria -2 de febreiro- Nesta data organizaremos un concurso de creación vencellado co tema do amor.
- No Entroido haberá un concurso de disfraces e organizarase un concurso de coplas de entroido.
- Homenaxe a Rosalía de Castro pola data do seu nacemento -23 de febreiro-. Como vén sendo habitual desde hai anos poñeremos e leremos na clase poemas seus. Prepararemos unha exposición moi vencellada tamén co día da muller traballadora, enlazando a Rosalía-muller coa celebración do 8 de marzo.
Levaremos a cabo a actividade “Haikus a Rosalía” co alumnado de 1º ESO. Trátase de elaborar breves poemas de estrutura moi sinxela e que fagan referencia á vida e obra de Rosalía, imitando os “haikus” xaponeses.
Ademais durante esa semana de celebración da figura de Rosalía soarán por megafonía diferentes versións modernas (rock, rap, etc.) de poemas moi coñecidos de Rosalía interpretados por grupos e cantautores galegos.
- Día da Muller Traballadora -8 marzo- ímolo celebrar como o levamos facendo desde hai xa moitos anos. As profesoras que o desexen buscarán unha muller famosa polo seu traballo en calquera ámbito, e terán que disfrazarse para semellárense o máximo posible á foto elixida por cada unha. No cartel aparecerá a foto e a biografía da muller homenaxeada e a foto da profesora caracterizada igual que aquela. Esta actividade gústalles moito ao alumnado porque queren saber que profesora se agocha tras o disfrace.
- Día da poesía: actos poéticos polo centro e pegada de versos en distintos espazos.

3º TRIMESTRE

- **Semana cultural** do IES de Eduardo Pondal de Ponteceso. Preténdese facer diferentes obradoiros para o alumando. Este ano gustaríanos por fin poder acudir a unha obra de teatro (por determinar) en galego.
- Certame de Creación Literaria do IES de Ponteceso na modalidade de poesía–maio.
- Certame de Creación Literaria do IES de Ponteceso na modalidade de relato curto–maio-.
- Día das Letras Galegas -17 maio-, adicado este ano 2024 a Luísa Villalta: concursos, exposicións, charlas...
- Peche do club de lectura con encontros con artistas galegos. Programaranse encontros con diferentes escritores e escritoras galegas relacionados con obra lidas nos diferentes clubs de lectura.
- Entrega de premios do concurso Día das Letras Galegas.
- Entrega de premios do Certame de Creación Literaria do IES de Eduardo Pondal de Ponteceso.

6.- AVALIACIÓN

A finais do curso valoraranse de forma crítica as actividades realizadas, segundo os resultados fosen acadados ou non (o que determinará a súa continuación en anos posteriores, ou a súa modificación ou eliminación en caso de non ter éxito).

Tamén se valorará o traballo do EDLG en canto o número de membros, a metodoloxía utilizada, a distribución de traballo entre os membros...

Igualmente, será necesaria unha avaliación final do grao de integración e cooperación dos distintos membros, departamentos ou estamentos da comunidade educativa no programa do de EDLG, para establecer as medidas correctoras que melloren estes aspectos.

7.- PLAN LECTOR

O EDLG deste centro colaborará activamente no desenvolvemento das actividades promovidas en torno ó Plan Lector do centro, pois se como dixemos, un dos obxectivos básicos deste EDLG para este ano é o de presentar a lingua galega como válida para a cultura e a expresión comunicativa noutros ámbitos fóra do estritamente coloquial, a promoción da lectura e do valor literario da nosa lingua convértense en fitos fundamentais do noso programa.

Por tanto, o EDLG contribuirá á consecución dos seguintes obxectivos do Plan Lector do Curso 23/24:

- 1.- Estimular o hábito da lectura
- 2.- Descubrir no alumnado a sensibilidade literaria, cultivar o gusto e pracer de ler, compensando a falta de estímulos familiares, sociais ou persoais.
- 3.- Favorecer a relación íntima e persoal do alumno co libro.
- 4.- Alentar o crecemento lector nos alumnos de forma continuada.
- 6.- Implicar a todo o profesorado nas actividades, campañas ou experiencias programadas para potenciar o hábito lector nos alumnos.

Así, dentro das actividades e medidas programadas neste Plan Lector, o EDLG apoiará e colaborará coas seguintes:

- Actividades relacionadas coa lectura na aula: na posible selección de textos e organización de obradoiros de escritura e lectura.
- Programa de lecturas anuais: apoiando e animando os clubs de lectura.
- Programa de dinamización de lectura no centro: colaborando na organización das distintas actividades, nos aspectos relacionados coa literatura galega (presentación de lecturas, selección de libros, clubs de lectores, publicitación das lecturas, campañas de lectura arredor de distintas celebracións, concurso literario).

8.- PRESENZA DAS T.I.C.

O EDLG colaborará na implantación e desenvolvemento das TIC no noso centro, participando na construción da páxina web do IES, velando polo uso do galego como idioma vehicular no formato das páxinas dos distintos departamentos e continuando coas construción da páxina web propia do EDLG. Xustamente, esta páxina propia do EDLG servirá para coordinar a acción do Equipo, mostrar as novidades e progresos no eido que nos ocupa, e crear un punto de encontro e foro de opinión para os distintos estamentos educativos e persoas particulares que desexen participar nela.

Así mesmo, o EDLG potenciará a adquisición de material en galego relacionado coas TIC: enciclopedias dixitais, programas educativos e administrativos, tradutores, correctores, ferramentas de elaboración de recursos...

Por outra banda, en gran parte das actividades programadas por este EDLG, será fundamental o uso ou presenza das TIC.

Así pois, o EDLG do IES EDUARDO PONDAL de PONTECESO traballará en torno ós seguintes obxectivos xerais recollidos no Plan TIC, sempre partindo da base do uso do galego como lingua vehicular:

- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Favorecer o perfeccionamento do profesorado e a súa utilización nas tarefas habituais do Centro: programacións, memorias, plans,...
- Facilitar o acceso a estas ferramenta por parte dos alumnos con necesidades educativas especiais e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Conseguir que o alumnado acceda ao mundo de Internet con capacidade de procura de información e de tratamento crítico da mesma.

- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Potenciar actividades de participación de toda a Comunidade Educativa nas diferentes actividades do Centro: páxina Web, xornal escolar, actividades culturais, etc.
- Empregar as TIC para o traballo cotián e as actividades de aula: programacións, actividades, controis, fichas,...
- Saber consultar e sacar información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades e participar en foros, Chats,... e diversas redes de colaboración como Internet.
- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus semellantes.
- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do Currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.
- Lograr a integración das TIC como un medio dinámico de comunicación, sendo un elemento común de información e contacto con todos os axentes do proceso facilitando a conexión entre eles.



Coordinadora do Equipo de
Dinamización Lingüística

V. e pr A directora IES Eduardo Pondal

Eva M^a García Reino

Clara Isabel Regueira Villar

ANEXO V

Plan dixital



PLAN DIXITAL

IES Eduardo Pondal de Ponteceso

[Versión 2.0_ xuño 2023]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Datos do Centro educativo:
IES Eduardo Pondal
Rúa Teresa Mosqueira Manso s/n
15110 Tella (Santo Eleuterio)
Ponteceso
- Correo electrónico: ies.eduardo.pondal.ponteceso@edu.xunta.gal
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ieseduardopondalponteceso>
- Teléfono: 881880924
- Número de profesorado: 52

Etapas educativas impartidas	Alumnado matriculado
ESO	148
Bacharelato nas modalidades de Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais	98
Ciclos formativos: <ul style="list-style-type: none"> • Ciclo Medio de Atención a persoas en situación de dependencia • Ciclo Medio de Electromecánica de vehículos automóbiles • Ciclo Superior de Automoción (Dual) • Ciclo Básico de Mantemento de vehículos 	120
TOTAL ALUMNADO	366

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro:** O IES Eduardo Pondal é un centro público situado no Concello de Ponteceso, provincia da Coruña onde acode alumnado do noso concello e dos lindeiros: Cabana, Laxe e Malpica, sobre todo nas etapas de Bacharelato e Formación Profesional.
Dado que non existe un núcleo urbano importante, a poboación está moi espallada e a tendencia poboacional é á baixa, nos últimos 10 anos os concellos da bisbarra perderon máis de 2600 persoas.
Respecto da economía, é significativa a falta de tecido industrial e do sector terciario, polo que a actividade económica divídese entre as propias do mar e as do interior dentro

do sector primario. Porén, o turismo rural no sector servizos parece que está relanzando a economía nos últimos anos

Encontramos tamén un contexto cultural baixo e un nivel tamén pobre en canto ao manexo das novas tecnoloxías.

Por outra banda, o espallamento da poboación e as características da contorna fan difícil que os nosos alumnos e alumnas teñan un bo acceso a unha conexión de calidade tanto a Internet e coma ás bibliotecas públicas. É por isto que o Centro conta cunha boa biblioteca, moi actualizada, e o Proxecto E-dixgal en todas as aulas da ESO.

- O **Plan Dixital** que se está a concretar neste documento, define novas características que deben ser incluídas dentro do **Proxecto Educativo do Centro e na Programación Xeral Anual para o vindeiro curso 2023-2024**, xa que vai obrigar a adaptar novas formas de comunicarse entre e co alumnado, cambiar as metodoloxías e usos das distintas Aulas Virtuais das que dispoñemos e tamén entra no Plan de Acción Titorial.

Hai que destacar que somos un centro E-dixgal en toda a ESO e que este curso tamén incluimos neste plan o Proxecto de Innovación dos Polos Creativos. Outros proxectos que se desenvolven no Centro e que poderán verse afectados e enriquecidos polo Plan Dixital son: o Club de Ciencia, o Plan Xeral de atención á diversidade, o Plan de Convivencia, o Proxecto lingüístico, o Proxecto lector do centro, o Plan de Integración das TIC, o Proxecto Bilingüe, o proxecto Recreos saudables, os Contratos Programa, os plans Proxecta e o Proxecto Erasmus+. Por outra banda, incorporamos o proxecto LÓVA para representar unha ópera ao longo do curso.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital que se está a definir no presente documento ten xustificación legal desde as leis educativas vixentes ata as orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027).

Deste xeito, o que aquí se define e a transformación dixital do noso centro educativo co obxectivo de ser un organismo dixitalmente competente nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.

Este proceso require unha mellora das competencias dixitais dos membros da comunidade educativa. O procedemento para alcanzar este fin recóllese neste documento baseado na seguinte normativa legal:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación

do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O equipo de Dinamización do Plan Dixital estivo formado por tres persoas do cadro de persoal do IES Eduardo Pondal de Ponteceso, na súa primeira versión, sobre a que está baseada a que estase a presentar neste documento:

- Covadonga Gasch Carcedo, coordinadora
- Sonia Couto Castiñeiras, que tamén é coordinadora do Proxecto E-dixgal
- Andrés López Fontán, representante de dirección

Para esta versión 2 que parte da primeira o equipo de Dinamización do Plan Dixital está formado por:

- Covadonga Gasch Carcedo (coordinadora)
- Jose Manuel Deus Abelenda
- Celia Bello Lorenzo
- Eva M^a García Reino
- Silvia Candia Expósito

O traballo do grupo divídese en cinco partes de acordo coas tarefas que foi marcando o Equipo ADIX4 ao que pertencemos.

1. Elaboración e organización da **enquisa SELFIE** ao longo do mes de decembro do ano 2021. Para promover a masiva participación da comunidade educativa na devandita actividade, traballouse nun horario de participación do alumnado entrando na ESO nas sesións de titoría e en sesións de clases ordinarias no resto de curso. Por outra banda, a participación do profesorado foi promovida a través de repetidos correos electrónicos invitando á realización da enquisa.

2. Elaboración do **test CDD**. A organización desta parte foi a máis sinxela de todas xa que foi suficiente con intervir nun claustro e enviar un correo electrónico coas instrucións ao profesorado.

3. Elaboración do **DAFO**. A parte máis complexa do Plan Dixital, requiriu de moitas horas de reflexión para valorar o SELFIE e o CDD de xeito conxunto ata finalmente xerar o documento que reflicte as nosas Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades.

A partir deste punto 3 seguimos a traballar na versión 2.0 do Plan Dixital para o curso 2023-2024, continuando coas seguintes partes:

4. Elaboración de **Plan de Acción**. O Plan de Acción define os obxectivos que desenvolver para o curso próximo no marco do Plan Dixital. Tras unha nova reflexión baseada no DAFO e na introdución repentina dos Polos Creativos cos que non contabamos, decidiuse centrar o traballo do curso próximo en catro obxectivos que tratan de mellorar as nosas debilidades e potenciar aínda máis as nosas fortalezas. Durante a elaboración do Plan de Acción, este equipo tivo unha participación nun Claustro para informar ao resto do profesorado sobre dos obxectivos que pretendemos alcanzar.

5. Elaboración de **Plan Dixital**. Finalmente todo o traballo vaise recoller na elaboración deste documento.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A continuación, descríbense brevemente os recursos cos que contamos e o estado en que se atopan (non hai moitas diferencias entre a situación de partida da versión 1.0 e 2.0)

- **Infraestrutura dixital do centro:** Contamos cunha conexión a Internet por fibra con 200Mb de subida e 25 Mb de baixada. Unha conexión telefónica cunha central que dá cobertura a 13 departamentos e unha liña de Fax. Isto dá servizo a unha rede cablada para os departamentos e as fotocopiadoras, e as aulas TIC e do Ciclo de Administrativo. En canto á rede sen fíos, contamos coa rede Abalar que dá servizo tanto ao alumnado coma ao profesorado.

- **Equipamento dispoñible:**

Aulas dixitalizadas: todas as aulas da ESO e Bacharelato están dixitalizadas contando con **Encerado Dixital Interactivo**. Tamén están dixitalizadas do mesmo xeito as seguintes aulas-materia: aula TIC do edificio II e a aula de Plástica do edificio I e as aulas de desdobre de 1º e 2º ESO.

Contan con **equipo informático e canón** (por tanto non son PDI) as seguintes: algunhas aulas de ciclos, Espazo Maker, aula TIC do edificio I, aula de Plástica do edificio II, aula de Latín e Grego e a aula de Música.

Non están dixitalizadas a aula de 2º curso de Ciclo Básico de Mantemento de Vehículos, a aula taller de Tecnoloxía no edificio I e os laboratorios de Ciencias, Física e Química.

Proxecto E-Dixgal: Participamos deste proxecto en todos os cursos da ESO. Con 163 ordenadores para o alumnado e 21 para o profesorado (no curso 2021-2022)

Equipos de xestión e administración: hai equipos informáticos nos despachos de todos os membros do equipo directivo, en administración hai dous equipos máis unha fotocopiadora. Por outra banda, nas conserxerías hai dúas fotocopiadoras e un ordenador portátil na que está situada na entrada do centro educativo.

Biblioteca: un equipo informático para uso do profesorado que xestiona este espazo e un equipo para consulta a disposición do alumnado.

Equipos para uso nas salas de profesorado: na sala de profesores do edificio I hai catro equipos. A que está no edificio II ten dous equipos obsoletos que practicamente están en desuso.

Departamentos: todos os departamentos que teñen espazo propio contan cun equipo informático.

Equipos ultraportátiles para aula móbil, no seu momento o Centro formou parte do Proxecto Abalar e foi dotado con este tipo de dispositivos que actualmente están en desuso e almacenados.

Aulas de informática: A aula do edificio I conta con 27 equipos, algúns obsoletos. A aula do edificio II conta con 30 equipos, dúas terceiras partes obsoletas. Neste apartado incluimos tamén a aula de 2º de CM de Atención a persoas en situación de dependencia, que conta cun equipo para cada alumn@ e unha das aulas de desdobre do edificio I, que conta con 7 ordenadores.

Dotacións para proxectos específicos: O centro conta cun Espazo Maker no que se inclúe un equipo informático de sobremesa e unha fotocopiadora. Dependendo deste proxecto hai un espazo dedicado á radio que conta cun equipo informático. Hai 18 equipos gardados na caixa forte do Centro para uso de familias en risco de exclusión social.

- Servizos dixitais educativos:

Páxina web <http://www.edu.xunta.es/centros/ieseduardopondalponteceso>, correo corporativo, Aula Virtual, Espazo Abalar con todas as súas funcionalidades e aplicacións, proxecto E-dixgal co espazo EVA e Agueiro.

- Xestión do mantemento do equipamento do centro. O mantemento do equipamento do centro corresponde a UAC e o servizo Premium para os dispositivos do Proxecto E-dixgal

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3,2	3,3	2,8	
	Profesorado		2,9	2,9	2,9	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		2	2,1	1,6	
	Profesorado		2,8	2,7	3,1	
	Alumnado		3,3	2,9	2,7	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3,7	3,4	3,3	
	Profesorado		3,4	3,4	3,1	
	Alumnado		3,8	2,6	2,5	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,9	3,8	3,5	
	Profesorado		3,1	3,3	3,5	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3,7	3,6	2,4	
	Profesorado		3,9	4,1	3,6	
	Alumnado		4	3,6	3,1	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,2	3,2	2,5	
	Profesorado		3,2	3,3	3,2	
	Alumnado		3,3	2,8	2,7	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3,3	3,3	2,4	
	Profesorado		2,9	2,9	3,1	
	Alumnado		3	2,2	2,5	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,4	3,3	2,8	
	Profesorado		3,1	3,1	3	
	Alumnado		3,5	2,7	2,5	

Test CDD: Información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do Test CDD de centro e táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante na mencionada enquisa.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	31	34	91,2
PROVISIONAL	6	6	100
INTERINO	8	8	100
SUBSTITUTO	3	4	75
OUTROS	1	1	100

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
83,1	Integrador (B1)	76,4	Integrador (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	88,9	Integrador (B1)	79,7	Integrador (B1)
BACH	82,9	Integrador (B1)	78,4	Integrador (B1)
FP	71,4	Integrador (B1)	80,2	Integrador (B1)
ESA	91,5	Integrador (B1)	76	Integrador (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	2
A2	12	24,5
B1	23	46,9
B2	8	16,3
C1	5	10,2
C2		
TOTAL	49	99,90%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. C1. Os equipamentos e as redes están actualizados 2.C2/C8/C10 Dispositivos para o ensino/aprendizaxe na ESO e FP administrativo 3. C3 Acceso a Internet	1. C10. Dispositivos para o alumnado no caso de Bacharelato e FP Automoción 2. C7. Políticas de protección de datos insuficientes
	PERSOAL DOCENTE	1. D1/D2 Necesidades e participación de PDC; D4 Oportunidades de DPC ofrecidas pola administración e con gran participación do claustro 2.E1 Recursos educativos en liña dispoñibles no EVA e creados polo profesorado 3.E3 Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe: EVA e AV 4.E4 Comunicación coa comunidade educativa 5. Nivel B1 no test CDD nas tres etapas impartidas no centro	1. G1 Avaliación das capacidades, non se utilizan tecnoloxías dixitais para avaliar capacidades 2. G3 Non se utilizan tecnoloxías dixitais para facilitar <u>retroalimentación</u> axeitada ao alumnado. 3. G5 Non se utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado <u>reflexione sobre a súa aprendizaxe</u> . 4. F1 Adaptación ás necesidades do alumnado empregando tecnoloxías dixitais 5. A4 Falta de tempo para explorar o ensino dixital. F6 Proxectos interdisciplinares (sobre todo no Bacharelato e FP)
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	1. H9 Competencias para aprender a comunicarse	1. H13. Resolución de problemas técnicos 2. C17. Escaso acceso a base de datos de provedores de formación na FP 3. G6 Non se utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.
	FAMILIAS	1. E4 Comunicación coa comunidade educativa a través de Abalar e páxina web do centro	1.Competencia dixital baixa nas familias
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. F8 Tecnoloxías con fines para orientación profesional na FP 2. C5 Asistencia técnica	1. A1 Estratexia dixital obsoleta 2.A2 Desenvolvemento da estratexia co profesorado (polo obsoleto da estratexia) 3. C12 Fenda dixital sobre aprendizaxe mixta 4. B1 Avaliación do progreso 5. C13 Traer o propio dispositivo baixo condicións estipuladas (reflexión no Bacharelato e FP)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		
	LEXISLACIÓN		1.A5 Normas sobre dereitos de autor e licencias de uso
	CONTORNA		1. Contexto demográfico desfavorable pola caída de poboación 2. Contexto sociocultural desfavorable no uso das TIC
	ANPA		1. Non hai ANPA no centro
	OUTRAS ENTIDADES	1. Colaboración estreita coa Fundación Eduardo Pondal	1. A6 Non hai colaboración de empresas na estratexia dixital 2. B3 Insuficientes tecnoloxías dixitais para colaborar con outras organizacións 3. B4 Non hai colaboración con outros centros para fomentar o uso de tecnoloxías dixitais

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O Plan de Acción define os obxectivos para desenvolver para o curso próximo no marco do Plan Dixital. Tras unha nova reflexión baseada no DAFO e na introdución repentina dos Polos Creativos cos que non contabamos, decidiuse centrar o traballo do curso próximo en catro obxectivos que tratan de mellorar as nosas debilidades e potenciar aínda máis as nosas fortalezas. Durante a elaboración do Plan de Acción, este equipo tivo unha participación nun Claustro para informar ao resto do profesorado sobre os obxectivos que se pretenden alcanzar.

As áreas de mellora que se van abordar neste plan de acción son:

- Liderado
- Pedagogía: implementación na aula
- Competencias dixitais do alumnado

Estas áreas de mellora traballaranse a partir de catro obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal. Ademais están contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Na seguintes táboas, recóllense estes obxectivos e determínanse os seus indicadores de partida e de chegada, así como as accións necesarias para os alcanzar. Tamén se recolle a temporización, os recursos e os responsables que estas accións requiren.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Liderado						
OBXECTIVO 1: (1)	Dinamizar a páxina web do Centro				Acadado	
Responsable:	Responsable da páxina web				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	A páxina web actualízase ao menos unha vez a semana coas actividades que se fan no Centro, a estrutura da páxina é sinxela e a información é fácil de atopar					
Valor de partida: (3)	Estrutura complexa no visionado dos contidos					
Valor previsto e data: (4)	Cambio na estrutura da páxina e actulización semanal da mesma			20/06/2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Crear a figura de Coordinador/a da páxina web	Dirección do Centro	30/09/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Reestrutura da páxina web	Coordinador/a da páxina web	30/01/2024	Conexión a Internet e ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Actualización semanal de contidos informativos sobre as actividades que se fan no centro	Coordinador/a da páxina web	20/06/2024	Conexión a Internet e ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Liderado/ Pedagogía: implementación na aula						
OBXECTIVO 2: (1)	Dinamización dos Polos Creativos				Acadado	
Responsable:	Equipo de Dinamización dos Polos Creativos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	% posta en práctica das actividades previstas no proxecto de Polos Creativos					
Valor de partida: (3)	0 Actividades realizadas ao inicio					
Valor previsto e data: (4)	70% de actividades previstas realizadas con éxito			20/06/2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1 Adecuar os espazos dos que dispoñemos para acoller todo o material que chegou	Dirección do Centro, equipo de dinamización de Polos	21/12/2023	Espazos do Centro, recursos persoais e económicos para o traslado do material		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2 Fomentar os recreos inclusivos e a a hora de comer os luns a través de actividades para o alumnado	Equipo de dinamización de Polos, Equipo da radio, Equipo da ópera e Club de ciencias e Biblioteca	30/06/2024	Espazo para o Polo, a biblioteca, laboratorios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3 Formar e fomentar a colaboración activa ente os distintos grupos de traballo ou entre departamentos.	Equipo de dinamización de Polos e CFR	30/06/2024	Formación en materia de Polos Creativos Aula virtual do centro, Calendarios, Táboas de tarefas e cortiza colaborativa na sala de profesores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO2.4 Abrir os Polos a toda a comunidades educativa	Equipo de dinamización de Polos	Semana cultural	Difusión a través da Páxina web das actividades levadas a cabo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART" que sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa.
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** o **Non acadado**).

- (2) INDICADORES: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro
- (4) VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar cunha **data** límite para acadalo.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) RESPONSABLES:** Son as persoas implicadas e responsables de cada acción.
- (7) DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que se espera finalizaría a acción completamente.

- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas orzamento,..)
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Utilizar esta mesma táboa para reflectir de xeito rápido na avaliación do Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

3.2.3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos, que este equipo de traballo considera imprescindibles son as que se describen a continuación:

- a. Nas aulas da ESO e Bacharelato que contan con equipo PDI sería necesario actualizar o equipamento xa que en moitos casos, sobre todo nas aulas de 3º ESO, é difícil a conexión entre o equipo e o encerado interactivo. Dan problemas tamén, porque non se escoitan os autofalantes coa claridade que demanda o profesorado de idiomas e os equipos son lentos. Durante este curso houbo máis dunha intervención da UAC por este motivo.
- b. Dotar de PDI a todas as aulas descritas no apartado 2.1 que non contan con ela.
- c. Para atender de xeito adecuado ao alumnado non pertencente ao proxecto E-dixgal, é dicir: alumnado de bacharelato e Ciclos da familia de Automoción e Administrativo, é necesario actualizar as aulas de informática de ambos os dous edificios xa que a maioría deles teñen unha antigüidade que supera os 10 anos. De cara ao novo Ciclo Formativo de Atención a Persoas en situación de Dependencia a situación e a mesma.

4. Avaliación do plan

Ao final de cada trimestre realizarase unha avaliación da evolución do plan como se reflicte na seguinte táboa:

AVALIACIÓN PROCESUAL AO FINAL DE TRIMESTRE

Obxectivo n.º (encher co número que proceda)			
Estado de execución da acción n.º (encher co número que proceda)	Non procede		
	En proceso		
	Rematada		
Análise e valoración dos resultados de accións rematadas			
A acción cumpre o obxectivo?	Sí		Non
Accións non levadas a cabo ou non rematadas segundo o plan de acción			
Proposta de mellora Acción n.º(encher co número que proceda)			
Proposta de mellora Acción n.º(encher co número que proceda)			
Proposta de mellora Acción n.º(encher co número que proceda)			

AVALIACIÓN FINAL

Na avaliación final (realizada no mes de xuño) estarán cubertas as seguintes táboas:

- unha táboa por trimestre da avaliación procesual
- cada unha das táboas do Plan de Acción de acordo co punto 3

Unha vez revisadas as propostas de mellora da avaliación procesual e tendo en conta o grao de consecución dos obxectivos, realizarase o deseño do Plan Dixital do seguinte curso.

5. Difusión do plan

O presente Plan dixital será difundido a través da páxina web do centro unha vez aprobado polo Consello Escolar e o Claustro de Profesores

ANEXOS VI

Plans Proxecta

VIa. Correspondentes xuvenís

VIb. Fotografía en curso

VIIc. Plan de vida activa e deportiva

PLAN PROXECTA: Correspondentes Xuvenís.

DESTINATARIOS: 3º ESO PDC.

DESCRIPCIÓN: O alumnado recollerá e difundirá información da Dirección Xeral de Xuventude que poda resultar do seu interese.

ACTIVIDADES:

1. Xestión da información: Recibirán correos electrónicos da Dirección Xeral de Xuventude con información. Dela, seleccionarán a máis salientable para os compañeiros e compañeiras e difundirana.
2. Organización e difusión da información: Organizarán toda a información recollida nun dos taboleiros do corredor inferior do Edificio 1. Unha vez deseñada a sinalización e identificación do mesmo, prevese que pasen polas aulas explicar o proxecto ao resto do alumnado. Ademais, en colaboración coa materia de Educación Dixital, elaborarán un blogue no que ir subindo as novas e avisos do proxecto.
3. Formación ao alumnado participante: Organizaranse, mínimo, dúas formacións ao longo do curso para o alumnado participante. A primeira será no mes de xaneiro e versará sobre información xuvenil.
4. Punto de información xuvenil itinerante: o xoves 11 de xaneiro acudirá ao centro o punto itinerante de información xuvenil. Alén de publicitar distintas campañas e convocatorias, realizará o Carné Xove ao alumnado interesado.
5. Encontro de Correspondentes Xuvenís. A Dirección Xeral de Xuventude organiza, o 15 de decembro, un encontro provincial para os participantes no proxecto. Ao noso grupo correspóndelle en Gandarío. Alí recibirán formación sobre o tratamento da información, etc. ademais de pasar un día de convivencia con alumnado doutros centros. Para a rapazada e para o instituto será gratuito, posto que a dirección xeral pagará o transporte, comida e demais gastos derivados. O transporte terá como punto inicial e final o instituto.

O encontro componse, aproximadamente, da seguinte estrutura:

- 9:30 chegada de participantes e dinámica de benvida e presentacións. Formación dos grupos de traballo para toda a xornada e explícanse as dinámicas.
- 11:30-12:15: formación sobre o contexto de desinformación: intelixencia artificial, redes sociais, manipulación mediática...
- 12:30-14:00: formación sobre oratoria e ferramentas de comunicación verbal e non verbal

A idea é que as dúas formacións da mañá estean vinculadas á elaboración dun produto que presentarán á tarde. Ese produto pode ser unha minirrepresentación teatral ou un vídeo.

- 14:00 - 15:00: xantar
- 15:00 -18:00: preparación e exposición do produto final
- 18:00-18:30: despedida e recollida
- 18:30: saída dos autobuses.

Non é necesaria a asistencia de profesorado co alumnado xa que tanto para os traxectos como para a estadía, contarían con monitores e monitoras.

PLAN PROXECTA: Fotografía en Curso

DESTINATARIOS: 4º ESO (42 alumnos/as)

DEPARTAMENTOS PARTICIPANTES: Debuxo, Física e Química, Matemáticas, Xeografía e Historia

DESCRIPCIÓN: Coa realización deste proxecto preténdense coñecer a contorna próxima a través de diferentes propostas de creación fotográfica (espazos baleiros, luz e cor, retratos de maiores, retratos de oficios, memoria) para acadar os seguintes obxectivos:

Alumnado:

- Vincular ao alumnado coa contorna próxima, realizando diferentes olladas críticas a través da cámara.
- Poñer en valor a importancia da fotografía como arte, vinculándoa cos contidos do currículo de 4º da ESO.
- Desenvolver unha conciencia artística e creativa no alumnado, sendo capaces de expresar sentimentos, emocións e vínculos a través do seu obxectivo.
- Fomentar o traballo cooperativo e colaborativo.
- Traballar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030, sobre todo os ODS 4 (Educación de calidade); ODS5: Igualdade de xénero; ODS10: Redución das desigualdades; Obxectivo 11: Cidades e comunidades sostibles.

Profesorado e centro educativo:

- Establecer pontes entre as diferentes materias implicadas no proxecto.
- Traballar contidos transversais a través da fotografía entre as diferentes materias.
- Involucrar ao centro educativo a través da exposición no centro das fotografías realizadas.

Contorna e familias:

- Colaborar coas familias e con axentes da contorna próxima para a realización do proxecto fotográfico.
- Involucrar ás familias nas actividades do centro.
- Transferir o traballo á comunidade, a través dunha exposición final fóra do centro.

ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

- Partindo do estudo do s. XIX na materia de Xeografía e Historia, coñecerán a realización da primeira fotografía no 1827, realizada coa *camera obscura*: estudo da fotografía e da arte durante todo o curso: importancia que tivo a fotografía para o coñecemento do pasado e tamén do presente, a través da súa contorna máis próxima.
- Seguirase o marco metodolóxico proposto por Fotografía en Curso.
- O traballo realizase ao longo de todo o curso, contando con sesións programadas das catro materias participantes no proxecto, así como horas de titoría cos cursos participantes.
- Contarase coa axuda de artistas locais para a realización dun mural sobre os retratos de oficios traballados durante o proxecto.
- Saídas fóra do centro para a realización das fotografías programadas.

ACTIVIDADES

1º trimestre – Espazos na fotografía:

- *Dinámica inicial*
- Práctica *Espazos Baleiros* (no centro e na contorna)
- Práctica *Desde a xanela*.
- Colaboración do Departamento de Lingua Galega para a redacción de lecturas arredor das fotografías realizadas.
- Exposición fotográfica no centro.

2º trimestre – Persoas e retratos:

- Práctica *Retratos de maiores*.
- Práctica *Retratos de oficios*.
- Entrevistas con familias dedicadas ao sector pesqueiro (espazo de radio).
- Saída á Coruña: Visita exposición fotográfica *Emocións en Perigo*. Afundación Abanca, A Coruña (31 de xaneiro).

3º trimestre – Proceso fotográfico

- Comisariado da exposición final (impresión, maquetación, elaboración de cartelas, traslado das obras, etc.).
- Acto de presentación da exposición.

PLAN PROXECTA: Plan de Vida Activa e Deportiva: “Activa Ponteceso”.

DESTINATARIOS: Todo o alumnado do centro.

DESCRICIÓN: Coa implementación deste plan pretendemos por unha banda coñecer as necesidades da nosa comunidade educativa en canto á actividade física e deportiva, para poder posteriormente ofrecer as máximas posibilidades de transferencia e adherencia cara a práctica deportiva na contorna social do centro.

Ademais pretendemos ordenar e ampliar as actividades de lecer activo que se viñan realizando como son os patios activos, fomentando a participación daquel alumnado que non escolle estas opcións para os seus tempos de lecer.

Buscaremos tamén monitorizar os niveles de Condición Física Saudable como base para a toma de decisións futura e personalización do traballo realizado tanto dende a materia de Educación Física como dende a oferta de actividade física que realiza a comunidade educativa.

ACTIVIDADES:

1. Fase de análise da realidade
 1. Recollida de datos coa ficha de autoavaliación para centros educativos
 2. Medición DAFIS realizada ao inicio de curso que permite establecer o punto de partida do alumnado. Volveranse realizar unha valoración durante a segunda avaliación.
2. Fase de execución do proxecto
 1. Ordenamento e ampliación da oferta inicial de propostas activas para o tempo de lecer: novos materiais, torneos, novas actividades autoxestionadas...
 2. Participación do programa XOGADE, naquelas modalidades que resulten de interese para o alumnado.
 3. Actividades de presentación de modalidades deportivas distintas das habituais para o alumnado: tiro con arco, ski, etc.
 4. Elaboración de elementos identificativos do centro para a participación do alumnado en actividades deportivas.
3. Fase de avaliación do proxecto
 1. Elaboración e aplicación de cuestionarios de consumos de actividade física e comparación cos datos iniciais obtidos da ficha de autoavaliación para centros educativos.
 2. Recompilación de datos numéricos e estatísticas das modalidades DAFIS, XOGADE e PVAD.
 3. Enquisa de satisfacción sobre as actividades realizadas no marco do “Activa Ponteceso”.

ANEXO VII

Coordinación da Formación en Centros de Trabajo e relación coas empresas

COORDINACIÓN DE FCT E RELACIÓN COAS EMPRESAS.

Dende este departamento establécense unha serie de liñas de traballo, por un lado, buscar e xestionar as posibilidades de realización da formación en centros de traballo dentro da nosa comarca para o noso alumnado de:

- 2º de FPB de Mantemento de vehículos
- 2º de CM de Electromecánica de vehículos automóbiles, tanto en réxime ordinario como en FP Dual de 2º curso.
- 2º de CM de Atención a persoas en situación de dependencia.
- CS Dual de Automoción

Por outra banda, non podemos esquecer que para ter unha boa relación e coidar a bidireccionalidade desta entre o noso centro educativo e as empresas da contorna produtiva das familias profesionais impartidas no noso centro é necesario tamén realizar unha recollida das necesidades formativas das empresas da comarca que teñen unha relación directa cos estudos impartidos no noso centro.

ANEXO VIII

Sección bilingüe

Mecanismo de seguimento e avaliación do programa plurilingüe e auxiliar de conversa

Este presente curso o noso centro conta coa presenza de Brendan McCaffrey, o novo auxiliar de conversa procedente de Nova York. Traballa co alumnado que cursa Sección Bilingüe na materia de Música en 2º da ESO e 3º da ESO e tamén colabora co resto de grupos da ESO na materia de Inglés co fin de reforzar a destreza oral na lingua estranxeira. Brendan comezou a traballar no noso instituto o 2 de outubro deste ano e estará con nós ata o 31 de maio do 2024 os martes e os venres durante oito horas semanais. Comparte o noso centro co CEIP Labarta Pose en Baio, no concello de Zas, onde traballa os luns e mércores.

Cómpre sinalar que os membros dos departamentos de Inglés e Música reúnense unha vez á semana para organizarse coa planificación das sesións (materiais e recursos precisos) das vindeiras semanas. Do mesmo xeito, a finais de cada mes os departamentos citados anteriormente xúntanse coa finalidade de avaliar o traballo do auxiliar de conversa, é dicir, comprobar se o alumnado se está a beneficiar da presenza dunha persoa nativa nas clases e de se hai que mellorar ou modificar algúns aspectos. Polo tanto, a coordinación entre os dous departamentos é esencial.

A continuación preséntase o horario de Brendan no centro:

SEMANA 1

	MARTES	VENRES
8:30 – 9.20	2º ESO A	
9.20 – 10.10	1º ESO A	
10.10 – 11.00	MÚSICA 2º ESO	4º ESO B
11.00 – 11.30	RECREO	RECREO
11.30 – 12.20	MÚSICA 3º ESO	2º ESO B
12.20 – 13.10		1º ESO B
13.10 – 14.00		REUNIÓN PREPARACIÓN MATERIAIS SB-

SEMANA 2

	MARTES	VENRES
8:30 – 9.20		
9.20 – 10.10	1º ESO A	
10.10 – 11.00	3º ESO A	
11.00 – 11.30	RECREO	RECREO
11.30 – 12.20	1º CS-AUTO	2º ESO B
12.20 – 13.10	4º ESO A	1º ESO B
13.10 – 14.00	3º ESO PDC	2º ESO A

Ao remate da estancia do noso auxiliar de conversa, a persoa coordinadora responsable do programa realizará unha memoria que compartirá co CEIP Labarta Pose. Asimesmo, ao remate do curso os docentes que traballan na Sección Bilingüe (Música e Inglés) cumprimentaran unha enquisa en liña na que avaliarán a experiencia global do programa. Nela reflexionarán sobre os aspectos positivos e as posibles opcións de mellora para o futuro.

ANEXO IX

Plan de formación permanente do profesorado

PFPP 2023/2024 - IES Eduardo Pondal

O noso centro ten aprobado para este curso académico a renovación da súa participación no PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO, PFPP IES Eduardo Pondal.

O plan formativo deseñado pretende dar solución ás necesidades formativas da nosa comunidade educativa e ás necesidades de organización e xestión detectadas.

O Plan de Formación Permanente do Profesorado do noso centro para este curso académico 2023/24 está integrado por cinco liñas de traballo que implica a formación de trinta e un docentes participando no plan, distribuídos entre os seguintes seminarios e grupos de traballo.

PFPP 23/24 IES EDUARDO PONDAL DE PONTECESO	
CIENCIA NA PONTE	
OBXECTIVOS	CONTIDOS
<ol style="list-style-type: none">1. Recoñecer a importancia e a estrutura da comunicación científica orientada á construción colectiva do coñecemento.2. Consolidar coñecementos no funcionamento de R Comander.3. Afianzar os coñecementos do traballo no laboratorio de química para fomentar as vocacións científicas.	<ul style="list-style-type: none">• A comunicación científica como contribución á construción colectiva do coñecemento.• Afondamento en R Commander.• O laboratorio de química como ferramenta para o fomento das vocacións científicas
CREANDO PONTES	
OBXECTIVOS	CONTIDOS
<ol style="list-style-type: none">1. Dar continuidade ao traballo realizado nos últimos anos no eido da convivencia, tentando chegar a máis profesorado e alumnado.2. Dotar de formación e asesoramento para conseguir un papel máis activo de alumnado e profesorado na resolución diaria de conflitos.3. Intercambiar boas prácticas en convivencia mediante a visita a centros	<ul style="list-style-type: none">• O enfoque restaurativo na convivencia dun centro educativo.• Os círculos de diálogo, conversación restaurativa e círculo restaurativo. Diferenzas e usos.• Equipo CREANDO PONTES en acción: deseño e execución da actividades de convivencia.• CREANDO PONTES entre centros:

referentes.	o intercambio de boas prácticas.
POLOS CREATIVOS	
OBXECTIVOS	CONTIDOS
<ol style="list-style-type: none"> 1. Fomentar a creatividade e formación do alumnado nun contexto de aprendizaxe competencial, baseado nun aprendizaxe activo e manipulativo, no deseño, solución de problemas e aprendizaxe entre iguais. 2. Capacitar aos membros da comunidade educativa no uso do equipamento integrante do programa. 3. Mellorar a competencia dixital e STEAM dos membros da comunidade educativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Introducción á metodoloxía Maker: que é a metodoloxía Maker e como se aplica en diferentes contextos. ● Exploración de tecnoloxías como a impresión 3D, robótica e electrónica, deseño e modelado, etc.
CREA O TEU FUTURO	
OBXECTIVOS	CONTIDOS
<ol style="list-style-type: none"> 1. Favorecer a empregabilidade no rural. 2. Dar formación en emprendemento. 3. Deseñar e planificar actividades que favorezan a aprendizaxe baseada na práctica para unha mellor inserción no mundo laboral. 	<ul style="list-style-type: none"> ● O espírito emprendedor, análise da contorna e ideas de negocio. ● Xornadas formativas: Crea o teu futuro ● A aprendizaxe e servizo: Proxecto Rodeiras
AMPLIANDO HORIZONTES	
OBXECTIVOS	CONTIDOS
<ol style="list-style-type: none"> 1. Difundir entre o profesorado o funcionamento dos proxectos Erasmus+. 2. Crear unha rede entre o profesorado do centro para traballar na liña da internacionalización. 3. Formar na competencia lingüística ao profesorado. 	<ul style="list-style-type: none"> ● A difusión dos proxectos Erasmus+. ● Plataformas de xestión dos proxectos Erasmus+. ● Accións clave dos programas Erasmus+. ● Xestión de dinamización dos proxectos Erasmus+ dentro do noso centro ● Creación de redes de traballo con outros centros educativos. ● Formación da competencia lingüística no noso centro.

ANEXO X

Programa anual de actividades

**PROGRAMA ANUAL DE
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

1. Relación secuenciada e temporalizada de actividades complementarias e extraescolares:

TIPO DE ACTIVIDADE				
Complementaria: obradoiro, charla... (1)	Extraescolar cultural (2)	Deportiva ou artística dentro/ fóra do Centro (3)	Viaxe de estudo ou intercambio escolar (4)	Conmemoracións (5)

TRIMESTRE	DATA	TIPO	ORGANIZADOR	ACTIVIDADE
1	15/09	1	Club Convivencia	Plan de acollida do alumnado (actividade físico-deportiva e de dinámica de grupo usando un paracaídas)
1	05/01	1	C. Naturais	Talleres micófilos (exposición de micoloxía no Centro)
1	06/10	1	Ling. Castelá	Charla literaria co autor José Ángel Mañas
1	9/10	5	Erasmus+	Conmemoración do Erasmus Day (charla informativa)
1	9/10	5	Erasmus+	Conmemoración do Erasmus Day (charla informativa)
1	17/10	2	Dinamización	A parábola do angazo (compañía Talía) (Representación teatral en Santiago de Compostela)
1	26/10	2	Automoción	Asistencia e participación no GaliciaSkills 2023 (Olimpiadas da FP celebradas en Silleda)
1	27/10	2	Dinamización e Polos Creat	Gravación de textos dramatizados en Radio Nordés (alumnado de Oratoria)
1	30/10	2	Club Ciencias & C.Naturais	Visita ao xeparque de Cabo Ortegal
1	31/10	5	AA.CC.EE	Celebración do Samagosto (concurso de decoración de portas, elaboración e degustación de castañas, photocall, e torneo de xogos de habilidades)
1	31/10	5	Biblioteca	Celebración do Samagosto (cine de terror, concurso relatos e microrrelatos de medo, e

				concurso de decoración de cabazas)
1	3/10	2	APSD	Visita ao Domus Vi de Vimianzo e á Casa Comunitaria
1	9/11	2	Debuxo & Xeografía	Visita á Expo Grafittis e ao Museo do Pobo galego (Santiago)
1	15/11	5	Club Ciencias	Exposición e experimentos polo Día de Ciencia
1	15/11	1	Orientación	Charlas do Plan Director: "Uso responsable e seguridade nas redes" e "Prevención de adicións"
1	17/11	2	Polos Creativ. (radio)	Asistencia ao certame "Imaxes do Patrimonio" (gala de entrega de premio da asociación <u>Ponte na Onda</u> , Ourense)
1	20/11		Orientación	Charlas do Plan Director: "Uso responsable e seguridade nas redes" e "Uso responsable das TICs e prevención de adicións"
1	24/10	5	Biblioteca & AA.CC.EE	Conmemoración do 25N (Elaboración dun mural colaborativo e colaboración coa asociación "Feminismo en Pe" para a manifestación do 25N)
1	24/10	1	Filosofía	Charla do xornalista Jesús Cintora ("Alerta perante as redes sociais".Relación da cidadanía cos medios)
1	30/11	1	Matemáticas	Charla de Óscar Rivero (Premio nacional aos novos talentos matemáticos)
1	13/12	1	Orientación	Charla informativa sobre a Oferta Educativa da Universidade de Santiago, a ABAU e o acceso á universidade
1	13/12	2	Música	Ópera "OCA"na Coruña (Asistencia á ópera no teatro Colón dentro do programa LOVA)
1	18/12	2	Fdp	Xornadas emprendemento e empregabilidade (formación para docentes a alumnado de 2º de ciclos)
1	21/12	5	AA.CC.EE	Mercado de Nadal 2023 (Venda de produtos, xogos, ximcanas e iniciativas solidarias)
1			Orientación	Charla da Garda Civil "Prevención de accidentes de tráfico"
2	27/11 -2/12	4	Automoción	Viaxe de estudos a Alemaña (Alumnado e profesorado da FP Dual)
2	xan	1	Filosofía	Charla de Abraham Rubín (Univ.Vigo): "Coñecerse a un mesmo. A importancia de enfrontarse ao teu outro lado"

2	21-2 6/01	3	Ed. física	Semana Branca (Formigal)
2	31/01	2	Debuxo & XH	Exposición e taller “Emoción en perigo” (Fundación Abanca, A Coruña)
2	02/02	5	Francés	Conmemoración de La Chandeleur (obradoiro, degustación e reparto de crêpes)
2	5-6/2		Orientación	Charlas do Plan Director
2	26/02 27/02	2	Francés	Les Trois Mousquetaires (Representación teatral en francés, Santiago ou Coruña)
2	4/03	2	Tecnoloxía	Visita guiada ao parque eólico experimental Sotavento
2	20/3	1	Francés	Contacontos africano (e actividades arredor da francofonía)
2	21/03	1	Matemáticas	Participación no XXIX Canguro matemático
2 3	mar abr	1	AA.CC.EE.	SEMANA CULTURAL (semana antes ou despois da SS)
2 3	Mar/ abr	4	Francés	Viaxe a Francia (Burdeos, Saint-Émilion e Baiona)
2 3			Orientación	Visitas a feiras de orientación e emprego
2 3			Orientación	Visitas a centros de educación superior
2 3			Orientación	Programa de Educación Afectivo Sexual
2 3			Orientación	Coñecemento e aceptación de distintas formas de diversidade
2 3			Orientación	Obradoiro de xestión da ansiedade ante os exames
2 3			Orientación	Programa Inclúe-T para a inclusión e o benestar
2 3			Orientación	Participación no Concurso ONCE para a Inclusión
2 3			Orientación	Charla sobre Técnicas de estudo
2 3	Mar/ abr		Latín	Brandomil, núcleo de romanización: da Idade do Ferro ao Medioevo (Itinerario para coñecer os restos patrimoniais vinculados a varias etapas históricas, nos concellos de Zas e Vimianzo)
2		1	Francés	Obradoiro & degustación de especialidades francesas

3				
2 3	mai xuñ	2	Francés	Xornadas da Francofonía (participación nas xornadas en Vilanova de Arousa)
2 3		1	Economía	Conferencia “Preparados para dar o salto!” Competencias e coñecementos financeiros para a vida adulta.
2 3		1	Economía	Obradoiro de educación financeira: “As túas finanzas, o teu futuro”
2 3		1	Economía	Conferencia sobre educación cívico tributaria de la AEAT
2 3			Debuxo	Sementeirás (obradoiros de arquitectura, arte e movemento no Centro)
2 3			C. Naturais Club Ciencias	Visita a un centro de investigación de Galicia
2 3		2	C. Naturais Club Ciencias	Visita a un espazo natural (por definir)
2 3		2	C. Naturais Club Ciencias	Observación do ceo nocturno (Faro de Brantuas)
2 3		1	C. Naturais Club Ciencias	Charla dun científico (por definir)
2 3		4	Erasmus+	Viaxe Erasmus+ do alumnado de Ciclos (Dual)
2 3	abr mai		Club lectura Biblioteca	Visita a XXV edición do Salón do libro de Pontevedra (alumnado do Club de lectura)
2 3			Ciclo APSD	Visitas ós comercios locais de Ponteceso
2 3			Ciclo APSD	Visita ó centro estatal de produtos de apoio en Oleiros
2 3			Ciclo APSD	Visita ó Centro de día de Cabana de Bergantiños
2 3			Ciclo APSD	Visita á Dommus Vi de Carballo
2 3			Ciclo APSD	Visita á Cruz Vermella de A Coruña
2 3			Ciclo APSD	Visita a Aspaber (Carballo)
2 3			Ciclo APSD	Visita á Asociación Íntegro (Cabana de Bergantiños)

2 3			Ciclo APSD	Visita a APEM (asociación Pro enfermos mentais) e a central de esterilización do hospital de Cee
2 3			Ciclo APSD	Saídas pola contorna do Concello de Ponteceso con centros de intercambio
2 3			Ciclo APSD	Intercambio cos alumnos do ciclo de APSD do IES Félix Muriel
2 3			Ciclo APSD	Visita a diversos recursos de APSD en Santiago de Compostela, Vimianzo e A Coruña
2 3			Ciclo APSD	Charlas sobre APSD
2 3			Ciclo APSD	Visita á casa maior de Coristanco e ó Centro de Día de Verdillo
2 3			Ciclo APSD	Visita ó Museo do Xoguete
3	maio	3	Ed. física	Bautismo de Escalada (Rocódromo de Riazor)
3		3	Ed. física	Actividade ao aire libre (por determinar)
3	abr mai		Matemáticas	Participación nas Olimpíadas matemáticas
3	19-2 3/06		AA.CC.EE.	Viaxe fin de etapa 4º da ESO
3			AA.CC.EE.	Acto de graduación de 4º da ESO
3			AA.CC.EE.	Acto de graduación de 2º de BAC
3			AA.CC.EE.	Acto de graduación de 2º de Ciclos

2. Aspectos económicos do programa anual:

2.1. Anteproxecto económico das actividades do primeiro trimestre (ano 2023).

No mes de xullo de 2023, momento no que ten lugar o cambio de Dirección no noso Centro, o gasto acumulado polo Departamento de Extraescolares é de **3.943,70€**, dun total asignado para ese ano de **7.000€**. O remanente co que conta este Departamento para as actividades do primeiro trimestre é polo tanto de **3.056,30€**.

Co fin de xestionar este orzamento de forma temporal neste ano 2023 (prevese unha reformulación de cara ao 2024), a Directiva acorda o seguinte protocolo para o financiamento das actividades complementarias e extraescolares:

TIPO DE ACTIVIDADE	CUSTO	APORTACIÓN DO CENTRO
Actividades con transporte	Custo de ata 10 €/ alumno	50%
	Custo de 10 - 20 €/ alumno	60%
	Custo de máis de 20 €/ alumno	A estudar pola Dirección
	Saídas de máis de 1 día	6€ por persona e día
	<p>Para o cálculo do custo da actividade teranse en conta todos os gastos (transporte, entradas, pago a profesionais, etc.) salvo os elementos funxibles, que correrán a cargo do Departamento.</p> <p>O resto do custo da actividade será aportado polo alumno, <u>nunca polo Departamento</u>, a non ser que este dispoña dunha partida finalista (PLAMBE, Club de Ciencias...).</p>	
Actividades sen transporte	Actividades dentro do Centro con algún tipo de custo.	A estudar pola Dirección

Con este protocolo como referente, no primeiro trimestre, a data 17 de novembro, acumulouse un gasto total de **2466.46 €** (ver detalle en táboa 1) que podemos desglosar nos seguintes conceptos:

CONCEPTO	CONTÍA	OBSERVACIÓNS
Transporte	1227,4€	4 autobuses
Actividades	363€	1 actividade
Detalles corporativos	12€	1
Decoración conmemoracións	83.2€	varios
Material para actividades	173.1€	Faltaría sumar o material adquirido na librería Pesqueira, que factura de forma periódica e xeral ao Centro.
Outros gastos	596.76€	Gastos varios de decoración, material e melloras para o Centro (cafetería, sala de profesores, despachos, etc.)
Total gastos de AA.CC.EE	1858.7€	Gastos exclusivos das actividades complementarias e extraescolares celebradas.
Total de gastos asumidos	2455.46€	Gastos incluíndo "outros gastos" asumidos polo Departamento de AA.CC.EE.

O remanente a día 17 de novembro de 2023 é de **600.84€** (1197.6€ se excluimos os gastos de Centro asumidos polo Departamento).

Os gastos pendentes de facturar neste primeiro trimestre serían os recollidos na seguinte táboa:

CONCEPTO	CONTÍA	OBSERVACIÓNS
Transporte ópera Coruña	261.06 €	1 autobús
Detalles corporativos (Buño)	+/- 250 €	25 lapiceiros de cerámica de Buño
Bombóns	?	Para completar o detalle corporativo
Material de papelería 25N	?	Papel / pintura?
Material para Mercado de Nadal	?	Papelería para obradoiro de postais, decoración navideña, etc.

En conclusión, ao longo deste ano 2023 esgotaríase previsiblemente o orzamento de 7.000€ acordado ó Departamento de actividades complementarias e extraescolares.

Táboa 1

ANO	Unidades	Concepto	Tipo	Data compra	Importe	Empresa	Nº factura	Estado do orzamento
2023								7.000,00€
2023		GASTOS ATA XUÑO			3.943,70€			3.056,30€
2023		Gastos varios Vanessa ata sep	Gastos xerais do Centro		354,76€	Varios comercios		2.701,54€
2023	1	Bastidor photocall + outros traballos do carpinteiro	Gastos xerais do Centro		224€	Carpintería Fernandez y Duarte (Niños)		2.477,69€
2023	2	Telas para photocall e decoración	Decoración		39€	Todo Telas (Lugo)		2.438,93€
2023	2	Deco Samain (2 pantallas)	Decoración		5,10€	Tedi (Lugo)		2.433,83€
2023	1	Taza Buño Charía Mañas D.LCL	Detalle corporativo		12€	Alfarería Felturas (Buño)		2.421,83€
2023	1	Poster Mafalda (cantina)	Gastos xerais de Centro		18€	Imprenta Ponteceso		2.403,83€
2023	130	Carlolinas Samain (Pesqueira)	Decoración		0	Librería A Pesqueira (Ponteceso)		2.403,83€
2023	2	Bolsas lixo (samain)	Material para actividade		3,10€	LIDL (Ponteceso)		2.400,73€
2023	1	Globos laranxas (100 ud.)	Decoración		3,50€	Bazar Chino (Ponteceso)		2.397,23€
2023	4	Foams laranxas (Pesqueira)	Decoración		0	Librería A Pesqueira (Ponteceso)		2.397,23€
2023	1	Bus Teatro Talía Dpto DIN	Transporte		314,60€	Autocares J. Pombo (Ponteceso)		2.082,63€
2023	1	Bus Cabo Ortegal Dpto CC.NN + Club Ciencias	Transporte		491,20€	Autocares J. Pombo (Ponteceso)		1.591,43€
2023	3	Manteis + sangue + cinta	Decoración		35,60€	Bazar chino (Baio)		1.555,83€
2023	15	Carbón (15kg)	Material para actividade (comprouse 30kg +)		20€	Ferretería Alquibaio (Baio)		1.535,83€
2023	50	Castañas (50Kg)	Material para actividade		150€	Castañeiro Tino (Carballo)		1.385,83€
2023	1	Bus Vimianzo (APSD)	Transporte		205,70€	Autocares J. Pombo (Ponteceso)		1.180,13€
2023	1	Bus Santiago (Expo Grafitis DEB)	Transporte		215,90€	Autocares J. Pombo (Ponteceso)		964,23€
2023	1	Charía xornalista Jesús Cintora	Pagamento da actividade		363€	Factura Jesús Cintora (autónomo)		601,23€
								601,23€
								601,23€
								601,23€

2.2. Anteproxecto económico das actividades do segundo e o terceiro trimestre (ano 2024).

Como vimos no punto anterior, no primeiro trimestre estableceuse un protocolo de financiamento de AA.CC.EE. segundo o cal os Departamentos pedagóxicos só poden empregar o seu orzamento anual na adquisición de material funxible, inventariable ou consumible para actividades. Decidiuse excluír a posibilidade de que puidesen financiar parte das súas actividades tanto complementarias como extraescolares con estas asignacións, tal e como se veu facendo nos anos anteriores, para facilitar a contabilidade do Centro.

Con este obxectivo, de cara ao ano 2024 esta Directiva prevé as seguintes reformas:

- Redución das contías asignadas a cada Departamento.
- Aumento do orzamento do Departamento de Extraescolares, que asumiría o financiamento das AA.CC.EE, complementado coas partidas finalistas asignadas a proxectos, grupos de traballo e outras axudas.
- Revisión do protocolo de financiamento das AA.CC.EE., concretando as porcentaxes asumidas polo centro e a contía máxima acordada a cada departamento, actividade ou alumno.

Para a remodelación do protocolo, teranse en conta os seguintes gastos previstos para o segundo e o terceiro trimestre de 2024 en base ás actividades xa presentadas polos diferentes departamentos ó Consello Escolar:

CONCEPTO	CONTÍA	OBSERVACIÓNS
Transporte	+/- 2.500€	7 autobuses repertoriados (sen contar os do Ciclo de APSD, máis de 8)
Actividades	? 300	5 charlas (Filosofía, Ciencias e Economía) Contacontos francés
Viaxe Semana Branca	1.740€	6€/día/alumno
Semana Cultural	3.000€	orzamento aproximado do ano pasado
Viaxe a Francia	300€ ? 1000€?	6€/día/alumno ? dietas profesorado ?
Conmemoracións	?	Día da Muller, Letras Galegas...
Material para actividades	?	Día da Muller, Letras Galegas...
Actos de graduación	?	2º de Bach (+ 4º ESO/ Ciclos?)
TOTAL	8.840€?	

Cómpre ter en conta que hai actividades non repertoriadas, que as contías que propoñemos no cadro anterior son orientativas e que a maior parte das actividades non están detalladas polo que descoñecemos o seu custo real.